

PROGRAMACIÓN LATÍN, GREGO E FILOSOFÍA

2º BACHARALETO
CURSO 2022-2023

Contido

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
1. O Centro EPAPU Río Lárez	4
2. Departamento	4
3. Normativa	4
LATÍN II	5
1. Introducción	5
2. Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave	7
3. Obxectivos	10
4. Estándares de aprendizaxe	12
4.1. Secuenciación de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables e grao mínimo de consecución de cada estándar	12
4.2 .Temporalización	17
5. Metodoloxía	26
6. Materiais e Recursos Didácticos	27
7. Criterios de Avaliación, Cualificación e Promoción	27
8. Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da programación didáctica	29
9. Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes	29
10. Medidas de atención á diversidade	29
11. Elementos transversais	29
12. Actividades Complementarias e Extraescolares	31
GREGO II	32
1. Introducción	32
2. Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave	36
3. Obxectivos	39
4. Estándares de aprendizaxe	41
4.1. Secuenciación de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables e grao mínimo de consecución de cada estándar	41
4.2. Temporalización	47
5. Metodoloxía	54
6. Materiais e Recursos Didácticos	55
7. Criterios de Avaliación, Cualificación e Promoción	55
8. Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da programación didáctica	56
9. Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes	56
10. Medidas de atención á diversidade	57
11. Elementos transversais	57

12. Actividades Complementarias e Extraescolares.....	58
HISTORIA DA FILOSOFÍA	59
1. Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave	59
2. Obxectivos.....	61
3. Estándares de aprendizaxe.....	62
3.1. Secuenciación de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliados e grao mínimo de consecución de obxectivos.....	62
A materia está organizada en cinco bloques: o primeiro é transversal e, por tanto, reaparecerá ao longo de todo o currículo, trátase da análise de textos.....	62
Os outros catro bloques corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores e problemas actuais.	62
3.2. Contidos mínimos esixibles	73
3.3. Temporalización	74
4. Metodoloxía	75
5. Materiais e Recursos Didácticos	76
6. Criterios de Avaliación, Cualificación e Promoción.....	76
7. Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da programación didáctica.....	78
8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas.....	78
9. Medidas de atención á diversidade.....	78
10. Elementos transversais	78
11. Actividades Complementarias e Extraescolares.....	80

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1. O Centro EPAPU Río Lézez

O centro EPAPU Río Lézez é un centro de ensinanzas de adultos situado en Pontevedra, sendo o único destas características en toda a zona. No centro impártense as seguintes modalidades de ensinanzas:

- Ensinanzas Básicas Iniciais.
- Obtención do graduado en ESO nas modalidades presencial e a distancia semipresencial.
- Bacharelato a distancia semipresencial.
- Ensinanzas non regradas.
- Cursos de Aula Mentor.

2. Departamento

O departamento de Latín é unipersonal, constituído pola profesora M^a del Carmen Fernández Carreira, xefa de departamento.

Ao departamento están asignadas as seguintes materias: Latín I, Latín II, Grego I e Grego II na modalidade a distancia semipresencial e nas dúas quendas nas que se imparte bacharelato no centro.

A profesora completa horario con tres grupos de Filosofía de 1º Bacharelato e tres grupos de Historia da Filosofía de 2º Bacharelato, dous na quenda de mañá e un na quenda de tarde en cada curso.

3. Normativa

A normativa de referencia que se segue para a elaboración desta programación é a seguinte:

- [Orde do 26 de abril de 2007](#) pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 8 de maio de 2007.
- [Decreto 86/2015](#), do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Real decreto 310/2016](#), do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.
- [Resolución do 18 de xullo de 2022](#) pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación [para persoas adultas](#), [bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso 2022/23](#).

LATÍN II

1. Introducción

As humanidades e a proposta dunha educación humanista na civilización europea van intrinsecamente ligadas á tradición e á herdanza cultural da Antigüidade clásica. Unha educación humanista sitúa as persoas e a súa dignidade como valores fundamentais, guiándoas na adquisición das competencias que necesitan para participar de forma efectiva nos procesos democráticos, no diálogo intercultural e na sociedade en xeral. A través da aprendizaxe da lingua, da cultura e da civilización romanas, a materia de Latín permite unha reflexión profunda sobre o presente e sobre o papel que o humanismo pode e debe desempeñar ante os retos e desafíos do século XXI. Esta materia contén, ademais, un valor instrumental para a aprendizaxe de linguas, literatura, relixión, historia, filosofía, dereito, política ou ciencia, capacitando ao alumnado que a cursa para ampliar o seu coñecemento sobre estes aspectos, proporcionando un substrato cultural que permite comprender o mundo, os acontecementos e os sentimentos e que contribúe á educación cívica e cultural do alumnado.

A materia de Latín ten como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización latina á identidade europea, a través da lectura e a comprensión de fontes primarias e da adquisición de técnicas de comprensión de textos que lle permitan ao alumnado utilizar estas fontes de acceso á antigüidade romana como instrumento privilexiado para coñecer, comprender e interpretar os seus aspectos principais. Por iso, a materia vértébrase arredor de tres eixes: a lingua, os textos e a súa comprensión; a aproximación crítica ao mundo romano; e o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización latina.

A comprensión do texto está no centro dos procesos de ensino e aprendizaxe das linguas e culturas clásicas. Para entender criticamente a civilización latina, o alumnado de Latín localiza, identifica, contextualiza e comprende os elementos esenciais dun texto, progresando nos coñecementos da fonética, o léxico, a morfoloxía, a sintaxe e, de ser o caso, o uso oral e escrito da lingua latina baixo a guía do profesorado. Ademais destes saberes de carácter lingüístico, o uso activo do latín, a comprensión do texto e a súa tradución son procesos clave que permiten activar saberes de carácter non lingüístico. O texto -orixinal, adaptado, en edición bilingüe ou traducido, en función da situación- é o punto de partida desde o cal o alumnado mobiliza todos os contidos para, partindo da súa contextualización, concluír unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido. As técnicas e estratexias implicadas no proceso de comprensión dun texto e/ou a súa tradución contribúen a desenvolver a capacidade de negociación para a resolución de problemas, así como a constancia e o interese por revisar o propio traballo. Permite, ademais, que o alumnado entre en contacto coas posibilidades que este labor ofrece para o seu futuro persoal e profesional nun mundo globalizado e dixital, a través do coñecemento e uso de diferentes recursos, técnicas e ferramentas. Finalmente, cando se opte pola utilización de métodos activos, o uso na aula da lingua latina, tanto oral como escrita, permitiralle ao alumnado, por unha banda, consolidar os coñecementos adquiridos e, por outra, poñer en práctica estratexias comunicativas que melloren a súa capacidade de expresión.

Así mesmo, a materia de Latín parte dos textos para favorecer a aproximación crítica ás achegas máis importantes do mundo romano, na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes éticas e estéticas que conforman o ámbito

europeo. Esta aproximación resulta especialmente relevante para adquirir un xuízo crítico e estético nas condicións cambiantes dun presente en constante evolución. Esta materia prepara ao alumnado para comprender criticamente ideas relativas á propia identidade, á vida pública e privada, á relación do individuo co poder e a feitos sociopolíticos e históricos, por medio da comparación entre os modos de vida da antiga Roma e os actuais, contribuíndo así a desenvolver a súa competencia cidadá.

O estudo do patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, material e inmaterial, merece unha atención específica e permite observar e recoñecer na nosa vida cotiá a herdanza directa da civilización latina. A aproximación aos procesos que favorecen a sustentabilidade deste legado -preservación, conservación e restauración- supón, tamén, unha oportunidade para que o alumnado coñeza as posibilidades profesionais no ámbito dos museos, as bibliotecas ou a xestión cultural e a conservación do patrimonio.

Os obxectivos da materia de Latín foron deseñados a partir dos descritores operativos das competencias clave nesta etapa, especialmente da competencia plurilingüe, a competencia en comunicación lingüística e a competencia cidadá, xa mencionada. A competencia plurilingüe, que ten como referente a Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, sitúa o latín e o grego clásico como ferramentas para a aprendizaxe e a comprensión de linguas en xeral. O enfoque plurilingüe da materia de Latín en bacharelato implica unha reflexión profunda sobre o funcionamento non só da propia lingua latina, o seu léxico, os seus formantes e as normas de evolución fonética, senón tamén das linguas de ensino e daquelas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado, estimulando a reflexión metalingüística e interlingüística e contribuíndo ao reforzo das competencias comunicativas, ao aprecio da diversidade lingüística e á relación entre as linguas desde unha perspectiva inclusiva, democrática e libre de prexuízos.

Estes obxectivos ofrecen, polo tanto, a oportunidade de establecer un diálogo profundo entre presente e pasado desde unha perspectiva crítica e humanista: por un lado, situando o texto, a súa comprensión e/ou a súa tradución e, de ser o caso, a produción lingüística activa, como elementos fundamentais na aprendizaxe das linguas clásicas e como porta de acceso á súa cultura e civilización, activando simultaneamente os contidos de carácter lingüístico e non lingüístico; e, polo outro lado, desenvolvendo ferramentas que favorezan a reflexión crítica, persoal e colectiva ao redor dos textos e ao legado material e inmaterial da civilización latina e a súa achega fundamental á cultura, a sociedade, a política e a identidade europea.

Os criterios de avaliación da materia permiten avaliar o grao de logro dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a elas. Consonte a súa formulación competencial, expónse enunciando o proceso ou capacidade que o alumnado debe adquirir e o contexto ou modo de aplicación. A nivelación dos criterios de avaliación desenvólvese tendo en conta a adquisición das competencias de forma progresiva durante os dous cursos. Neste sentido, os procesos de autoavaliación e coavaliación prevén o uso de ferramentas de reflexión sobre a propia aprendizaxe como a contorna persoal de aprendizaxe, o portfolio lingüístico, o diario de lectura ou o traballo de investigación.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense nos dous cursos permitindo unha gradación e secuenciación flexible segundo os distintos contextos de aprendizaxe, e están organizados en cinco bloques. O primeiro, «Comprensión e interpretación dos textos», céntrase na aprendizaxe da lingua latina como ferramenta para acceder a fragmentos e textos de diversa índole a través da lectura directa e a tradución e comprende, pola súa vez, tres subbloques: «Unidades lingüísticas da lingua latina»; «A tradución: técnicas, procesos e ferramentas» e «Destrezas comunicativas do uso da lingua latina». Esta última liña ten como obxectivo sustentar normativamente o uso, cada día máis estendido, de métodos activos para a aprendizaxe do latín sen limitar, de ningún xeito, o uso da metodoloxía tradicional,

deixando a criterio do profesorado a escolla do achegamento que lle pareza en cada caso máis axeitado. O segundo bloque, «Latín e plurilingüismo», pon o acento nas nocións de evolución fonética e en como a aprendizaxe da lingua latina, en concreto a identificación e recoñecemento dos formantes latinos, amplía o repertorio léxico do alumnado para que adecúe de maneira máis precisa os termos referidos ás diferentes situacións comunicativas. O terceiro bloque, «A literatura latina nos seus textos», tratado só no segundo curso, integra todos os saberes implicados na comprensión e interpretación de textos literarios latinos, contribuíndo mediante un enfoque intertextual á identificación e descrición de universais formais e temáticos inspirados en modelos literarios clásicos. O cuarto bloque, «A antiga Roma», que será tratado no primeiro curso, comprende os coñecementos e estratexias necesarios para o desenvolvemento dun espírito crítico e humanista, fomentando a reflexión sobre as semellanzas e diferenzas entre pasado e presente.

O quinto e último bloque, «Legado e patrimonio», recolle os coñecementos, destrezas e actitudes que permiten a aproximación á herdanza material e inmaterial da civilización latina recoñecendo e apreciando o seu valor como fonte de inspiración, como testemuño da historia e como unha das principais raíces da cultura europea.

2. Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave

As **competencias clave** do curriculum serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Non se pode establecer unha relación exclusiva entre asignaturas e competencias, dito doutra forma, a relación entre competencias e asignaturas é transversal, é dicir, ao desenrolo dunha competencia contribúese desde todas as asignaturas en maior ou menor medida e, en consecuencia, desde unha asignatura se contribúese ao desenrolo de todas as competencias, igualmente, en maior ou menor medida.

Así pois, na aprendizaxe por competencias, a asignatura de Latín desempeña un papel esencial xunto ás demais asignaturas que cursa o alumno. Por outra parte, é evidente que a asignatura de Latín contribuirá en maior medida ó desenrolo de determinadas competencias, polo que é preciso sinalar en que aspectos contribúe a materia a ese desenrolo en cada unha.

Competencia en comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística debemos vinculala coa práctica social da comunicación, sexa oral ou escrita. ó desenrolo da mesma, a asignatura de Latín contribúe de forma especial e significativa desde moitos e diferentes contidos e actividades, de modo que os alumnos que cursaron a asignatura adquiren unha especial preparación para afrontar con éxito situacións de comunicación oral ou escrita, desde una mellora evidente da comprensión formal do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades e dunha especial preparación para a motivación e creación de distintos tipos de mensaxes. A nosa asignatura aporta ao desenrolo desta competencia, entre outras contribucións:

- Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e disfrute.
- Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e de linguas estranxeiras.
- Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social.
- Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades.

- Desenrolo de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación.
- Desenrolo da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido.
- Facilitade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nas mesmas.
- Fomento da capacidade creativa lingüística.
- Mellora na comprensión e emisión de mensaxes orais e escritos.
- Mellora na motivación da aprendizaxe a partires da mellora na comprensión e expresión lingüística.
- Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, en consecuencia, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual.
- Preparación para un mellor acceso ao coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A contribución da asignatura de Latín a esta competencia céntrase en especial en desenrolar aspectos esenciais da formación dos alumnos, como son:

- Desenrolo da capacidade crítica e análise razoada de problemas e situacións.
- Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos.
- Desenrolo de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan.
- Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidos.
- Desenrolo de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións.
- Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc.
- Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias.
- Desenrolo do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina.
- Promoción da investigación científica e acercamento aos métodos que lle son propios.
- Elaboración de xuízos críticos sobre el desenrolo científico e tecnolóxico ao longo da historia.
- Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías.
- Capacidade de transmisión adecuada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da asignatura.

Competencia dixital

Na asignatura de Latín, a contribución á competencia dixital é inherente á aprendizaxe da mesma, por canto o emprego das tecnoloxías dixitais se converte nun instrumento imprescindible no proceso de ensinanza-aprendizaxe da asignatura. Desta forma, a utilización das tecnoloxías dixitais na asignatura tradúcese nunha contribución clara ao desenrolo desta competencia:

- Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos.
- Fomento do traballo colaborativo.
- Búsqueda de información mediante motores de búsqueda.
- Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais.
- Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos.
- Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.).
- Acceso e contribución ao coñecemento de dominio (wiki).
- Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación máis adecuada en función do contido e o receptor da mensaxe.

Aprender a aprender

A asignatura de Latín debe contribuír de forma especial ao desenvolvemento desta competencia, potenciando nos alumnos a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; isto conséguese motivando ao alumno na curiosidade pola asignatura, de modo que el mesmo se sinta protagonista da súa aprendizaxe:

- Motivación por aprender.
- Organización e xestión da propia aprendizaxe.
- Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe.
- Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados.
- Capacidade de aprendizaxe en grupo.

Competencias sociais e cívicas

O traballo e o coñecemento da propia evolución da sociedade romana supón unha contribución excelente ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, máxime nunha sociedade como a actual, tan dinámica e complexa. E isto é así dada a diversidade de situacións e relacións que o estudo da sociedade e a historia de Roma ofrece ao alumno. Desta forma, ese estudo e coñecemento contribuirá ao desenvolvemento desta competencia do seguinte xeito:

- Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais.
- Desenvolvemento de actitudes de respecto nas relacións sociais desde o coñecemento da súa diversidade histórica.
- Análise de situacións para a resolución de conflitos.
- Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade.
- Contribución á mellora das institucións desde o coñecemento da súa historia.
- Conciencia de participación na sociedade actual desde o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais.
- Desenvolvemento de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, desde o estudo da súa evolución histórica.
- Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais desde unha perspectiva histórica e cultural.
- Aprendizaxe crítica de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade.
- Respecto reflexivo e crítico ante as diferenzas existentes entre diferentes sistemas de valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta competencia implica basicamente a capacidade que ten o alumno para transformar as súas ideas en actos. Ao desenvolvemento do proceso que implica esa transformación contribúe a asignatura de Latín mediante:

- Capacidade para pensar de forma creativa.
- Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos.
- Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.).
- Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas.
- Comunicación e presentación de proxectos.
- Capacidade de traballo individual e en grupo.
- Capacidade de autoavaliación.
- Desenvolvemento do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para alcanzar os obxectivos planificados polo alumno.

Conciencia e expresións culturais

O coñecemento e acercamento á sociedade, á cultura, á literatura, ao pensamento e ás manifestacións artísticas da Roma antiga contribúe de maneira especial ao desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento do legado cultural e artístico da Roma antiga.
- Aprecio y valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Análise do legado cultural e artístico da Roma antiga como elemento fundamental da cultura europea.
- Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno.
- Desenvolvemento do interese polas manifestacións culturais e artísticas.
- Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas romanas e a súa influencia nas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia ata a cultura e a arte contemporánea.
- Desenvolvemento de valores relativos á conservación do patrimonio e aprecio pola herdanza cultural e artística.

3. Obxectivos

Os **obxectivos xerais** son as capacidades que, por medio das materias comúns, de modalidade e optativas, deberán ser alcanzadas polas alumnas e os alumnos de Bacharelato.

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ó alumnado para acceder á educación superior.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio

das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

A materia de Latín ten ademais os seguintes **obxectivos específicos**:

1. Identificar as principais realizacións e fitos históricos do pobo romano e comprobar as distintas formas en que o legado romano evidencia a súa presenza no mundo de hoxe.

2. Recoñecer os elementos da herdanza latina que permanecen no mundo actual e consideralos como unha das claves para a interpretación de este.

3. Valorar as aportacións do espírito clásico como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas, estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo ao que o alumno pertence.

4. Recoñecer a influencia da historia e o legado de Roma na conformación política, social e cultural dos pobos e nacións de Europa, fomentando actitudes de tolerancia e respecto cara a outros pobos.

5. Desenrolar o sentimento de pertencenza á unidade política, social e cultural que é Europa, na base da cal está o mundo latino, con actitudes de tolerancia e respecto cara os seus distintos pobos e os de outras zonas do mundo.

6. Identificar os elementos léxicos e principais procedementos de composición e derivación do latín.

7. Recoñecer os elementos léxicos da herdanza latina que permanecen nas linguas romances faladas polo alumnado.

8. Reflexionar sobre os elementos fundamentais que constitúen as linguas e as súas influencias mutuas no espazo e no tempo, recoñecendo as relacións existentes entre as estruturas da lingua latina e as doutras linguas que se derivan ou foron profundamente influídas por ela, e recoñecendo compoñentes significativas desta herdanza (flexión nominal, pronominal e verbal).

9. Coñecer e empregar os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina, iniciándose na interpretación e tradución de textos sinxelos.

10. Identificar e valorar as principais aportacións da lingua latina como instrumento transmisor da cultura.

11. Recoñecer o papel integrador do latín en distintas áreas da ciencia, filosofía, historia, literatura, arte, arquitectura e en xeral na cultura e historia de Occidente.

12. Ordear os conceptos lingüísticos propios do alumnado, establecendo categorías, xerarquías, oposicións e relacións entre ámbitos lingüísticos diversos.

13. Analizar e interpretar textos diversos (literarios, históricos, filosóficos), traducidos e orixinais, mediante unha lectura comprensiva, distinguindo as súas características esenciais e a súa evolución e analizando a estrutura, o pensamento e a ideoloxía que neles se reflicte, cunha actitude crítica ante o mundo latino e o actual.

4. Estándares de aprendizaxe

4.1. Secuenciación de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis e grao mínimo de consecución de cada estándar

Os contidos da asignatura de Latín II preséntanse distribuídos en seis bloques que recollen os aspectos esenciais da lingua, o léxico e a historia, cultura, arte e civilización de Roma:

- Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances
- Bloque 2. Morfoloxía.
- Bloque 3. Sintaxe.
- Bloque 4: Literatura
- Bloque 5. Textos
- Bloque 6. Léxico

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none">- Permanencia de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos.- Identificación de lexemas, sufixos e prefixos latinos usados na propia lingua.- Análise dos procesos de evolución desde o latín ás linguas romances.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ol style="list-style-type: none">1. Coñecer e distinguir termos patrimoniais e cultismos.2. Recoñecer a presenza de latinismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos.3. Coñecer as regras de evolución fonética do latín e aplicarlas para realizar a evolución das palabras latinas.
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	<ol style="list-style-type: none">1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais e cultismos explicando as diferentes evolucións que se producen nun e outro caso.1.2. Deduce e explica o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos dos que proceden.2.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, explicando o seu significado a partir do termo de orixe.3.1. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia e ilustrándoo con exemplos.3.2. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e castelán aplicando e explicando as regras fonéticas de evolución.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR	<p>1.1. Recoñece a partir do étimo latino termos patrimoniais e cultismos.</p> <p>1.2. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos dos que proceden.</p> <p>2.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e latinismos máis frecuentes.</p> <p>3.1. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances.</p> <p>3.2. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e castelán.</p>
--	---

Bloque 2. Morfoloxía	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - Nominal: Formas menos usuais e irregulares. - Verbal: Verbos irregulares e defectivos. - Formas nominais do verbo: supino, xerundio e xerundivo. - A conxugación perifrástica.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer as categorías gramaticais. 2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. 3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto clásico e enuncialas. 4. Identificar todas as formas nominais e pronominais. 5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando os trazos que as distinguen. 2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes. 3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto clásico identificando correctamente os seus formantes e sinalando o seu enunciado. 4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario todo tipo de formas verbais, conxugándoas e sinalando o seu equivalente en castelán. 5.1. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal e nominal latina para realizar traducións e retroversións.
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Sinala os trazos que distinguen as categorías gramaticais. 2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes. 3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto clásico. 4.1. Identifica todo tipo de formas verbais. 5.1. Realiza traducións e retroversións.

Bloque 3. Sintaxe	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. - A oración composta. - Tipos de oracións e construcións sintácticas. - Construcións de xerundio, xerundivo e supino.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas. 2. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: Infinitivo, xerundio e participio. 3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos clásicos.
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, relacionándoas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñece. 2.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, traducíndoas correctamente e explicando as funcións que desempeñan. 3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Recoñece os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas. 2.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, traducíndoas correctamente. 3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina.

Bloque 4. Literatura	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros literarios. - A épica. - A historiografía. - A lírica. - A oratoria. - A comedia latina. - A fábula.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores e obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior. 2. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e cultura europea e occidental. 3. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite. 4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a

	posterior.
ESTÁNDARES DE APRENDIZAX E AVALIABLES	<p>1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.</p> <p>2.1. Realiza eixes cronolóxicos situando neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.</p> <p>2.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encadrándoos no seu contexto cultural e citando e explicando as súas obras máis coñecidas.</p> <p>3.1. Realiza comentarios de textos latinos situándoos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identificando o xénero ao que pertencen.</p> <p>4.1. Analiza o distinto uso que se fixo destes. Explora a permanencia dos xéneros e os temas literarios da tradición latina mediante exemplos da literatura contemporánea.</p> <p>4.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores contemporáneos e sérvese deles para comprender e explicar a permanencia dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os distintos tratamentos que reciben.</p>
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR	<p>1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos.</p> <p>2.1. Sitúa na súa época autores e obras latinas.</p> <p>2.2. Nomea autores representativos da literatura latina e cita as súas obras máis coñecidas.</p> <p>3.1. Realiza comentarios de textos latinos situándoos no tempo.</p> <p>4.1. Explora a permanencia dos xéneros e os temas literarios da tradición latina mediante exemplos da literatura contemporánea.</p> <p>4.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores contemporáneos.</p>

Bloque 5. Textos	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - Tradución e interpretación de textos clásicos. - Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos clásicos orixinais. - Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. - Identificación das características formais dos textos.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<p>1. Realizar a tradución, interpretación e comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.</p> <p>2. Utilizar o dicionario e buscar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.</p> <p>3. Identificar as características formais dos textos.</p> <p>4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.</p>
	1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	<p>clásicos para efectuar correctamente a súa tradución.</p> <p>1.2. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.</p> <p>2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, identificando en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo autor.</p> <p>3.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.</p> <p>4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.</p>
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR	<p>1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente textos clásicos para efectuar correctamente a súa tradución.</p> <p>1.2. Realiza comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.</p> <p>2.1. Utiliza correctamente o dicionario para a tradución de textos.</p> <p>3.1. Recoñece e explica o xénero e o propósito do texto.</p> <p>4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos.</p>

Bloque 6. Léxico	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario e filosófico. - Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ás linguas romances. - Palabras patrimoniais e cultismos. - Expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria. - Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<p>1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario e filosófico.</p> <p>2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos estudantes.</p> <p>3. Coñecer as regras de evolución fonética do latín e aplicarlas para realizar a evolución das palabras latinas.</p>
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	<p>1.1. Identifica e explica termos do léxico literario e filosófico, traducíndoos correctamente á propia lingua.</p> <p>1.2. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras que coñece.</p> <p>2.1. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado da lingua propia.</p> <p>2.2. Comprende e explica de xeito correcto o significado de latinismos e expresións latinas que se incorporaron a diferentes campos semánticos da lingua falada ou permaneceron na linguaxe xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.</p> <p>3.1. Realiza evolucións de termos latinos a distintas linguas romances</p>

	aplicando as regras fonéticas de evolución.
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR	<p>1.1. Identifica termos do léxico literario e filosófico, traducíndoos correctamente á propia lingua.</p> <p>1.2. Deduce o significado de palabras e expresións latinas.</p> <p>2.1. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado da lingua propia.</p> <p>2.2. Comprende o significado de latinismos e expresións latinas.</p> <p>3.1. Realiza evolucións de termos latinos a distintas linguas romances aplicando as regras fonéticas de evolución.</p>

4.2 .Temporalización

UNIDADE 1: A poesía épica

Literatura

- Características e fontes da poesía épica latina.
- Poemas da épica latina.
- Virxilio e a Eneida.
- Tradição e permanencia. A permanencia do xénero épico: Cantar de Mio Cid. Orlando furioso. Ecos da Eneida de Virxilio: a Divina comedia. Un soneto do século XVI.

Lingua

- As declinacións. Particularidades das declinacións.
- A conxunción subordinante cum.
- Valores da conxunción cum.

Léxico

- Palabras patrimoniais, cultismos e dobretes.
- Concepto de composición e derivación.
- Campos semánticos: A natureza.
- Dicionario: Recoñecemento de abreviaturas.
- Expresións e frases latinas.

Textos

- A tradución de textos: Un texto analizado e traducido: Virxilio.
- Textos para analizar e traducir: I. Poesía épica. Virxilio. Ovidio. II. Antoloxía. Hixinio e César.

UNIDADE 2: A poesía didáctica

Literatura

- Características da poesía didáctica.
- De rerum natura de Lucrecio.
- As Xeórxicas de Virxilio.
- Outros poemas didácticos.
- A fábula.
- Tradición e permanencia. A poesía didáctica no tempo: El libro de buen amor. La música, de Iriarte. Unha fábula, Fedro e Samaniego. Ecos da poesía didáctica.

Lingua

- As funcións dos casos. O nominativo. O acusativo. O xenitivo.
- As preposicións impropias.
- Valores de ut.
- Ut adverbio. Ut conxunción subordinante.
- Valores de ne.
- Ne adverbio. Ne conxunción subordinante.

Léxico

- Evolución de vogais tónicas.
- Derivación: substantivos nominais.
- Campos semánticos: O ceo.
- Dicionario: O enunciado de substantivos e adxectivos.
- Expresións e frases latinas.

Textos

- A tradución de textos: Un texto analizado e traducido: Fedro.
- Textos para analizar e traducir: I. Poesía didáctica. Lucrecio e Fedro. II. Antoloxía. Cornelio Nepote e César.

UNIDADE 3: A poesía bucólica

Literatura

- Características da poesía bucólica.
- As Bucólicas de Virxilio.

- Outras obras do xénero bucólico.
- Tradición e permanencia. A permanencia do xénero da poesía bucólica: As Églogas, de Garcilaso de la Vega, a Fábula de Polifemo y Galatea, de Góngora. Ecos do xénero.

Lingua

- As funcións dos casos. O dativo. O ablativo.
- O adxectivo. Os graos do adxectivo.
- A negación.
- O sistema pronominal.
- Os pronomes interrogativos e indefinidos.
- Outros pronomes indefinidos.

Léxico

- Evolución de vogais átonas.
- Derivación: substantivos verbais.
- Campos semánticos: O tempo.
- Dicionario: O enunciado dos verbos.
- Expresións e frases latinas.

Textos

- A tradución de textos: Un texto analizado e traducido: César.
- Textos para analizar e traducir: I. Poesía bucólica. Virxilio. II. Antoloxía. Frontino e César.

UNIDADE 4: A poesía dramática

Literatura

- O teatro en Roma.
- As representacións teatrais.
- Os xéneros dramáticos.
- A traxedia.
- A comedia.
- Plauto.
- Terencio.
- Tradición e permanencia. A permanencia do xénero da poesía dramática: A comedia de Molière. Ecos da poesía dramática.

Lingua

- O tema de perfecto. O tema de presente, perfecto e supino. A formación do tema de perfecto.
- O imperativo.
- Os numerais.

Léxico

- Evolución de ditongos.
- Derivación: adxectivos.
- Campos semánticos: Os edificios.
- Dicionario: A definición da palabra.
- Expresións e frases latinas.

Textos

- A tradución de textos: Un texto analizado e traducido: Salustio.
- Textos para analizar e traducir: I. Poesía dramática. Séneca. II. Antoloxía. Fedro e César.

UNIDADE 5: A poesía lírica

Literatura

- Características esenciais do xénero.
- Horacio.
- Catulo.
- Ovidio.
- Tibulo.
- Propercio.
- Tradición e permanencia. A permanencia da poesía lírica: Bécquer. Neruda. Ecos da poesía lírica: Unha canción.

Lingua

- Os substantivos verbais.
- Infinitivo.
- Xerundio
- Supino.

Léxico

- Evolución de consoantes simples iniciais.

- Derivación: verbos.
- Campos semánticos: A sociedade e o exército.
- Dicionario: A definición da palabra: o verbo.
- Expresións e frases latinas.

Textos

- A tradución de textos: Un texto analizado e traducido: Catulo.
- Textos para analizar e traducir: I. Poesía lírica. Catulo e Ovidio. II. Antoloxía. Salustio e César.

UNIDADE 6: A poesía satírica

Literatura

- O epigrama.
- Marcial.
- A sátira.
- Tradición e permanencia. A permanencia da poesía satírica: Baltasar de Alcázar. Quevedo. Os epigramas de Marcial e de Badosa. Ecos do xénero satírico.

Lingua

- Os adxectivos verbais.
- Participio.
- Xerundivo
- A conxugación perifrástica.

Léxico

- Evolución de consoantes simples en sílaba interior.
- Derivación: adverbios de modo.
- Campos semánticos: A vida privada.
- Dicionario: As formas impersonais do verbo.
- Expresións e frases latinas.

Textos

- A tradución de textos: Un texto analizado e traducido: Marcial.
- Textos para analizar e traducir: I. Poesía epigramática. Marcial. II. Antoloxía. Eutropio e César.

UNIDADE 7: A novela en Roma

Literatura

- Características da novela romana.
- Petronio e o Satiricón.
- Apuleio e a Metamorfose.
- Tradição e permanencia. A permanencia do xénero novelesco: O Lazarillo de Tormes. Don Quijote de la Mancha. Al morir Don Quijote.

Lingua

- A oración composta.
- A coordinación.
- A subordinación.

Léxico

- Evolución de consoantes simples finais.
- Composición: cambios fonéticos.
- Campos semánticos: O corpo humano.
- Dicionario: As preposicións.
- Expresións e frases latinas.

Textos

- A tradución de textos: Un texto analizado e traducido: Petronio.
- Textos para analizar e traducir: I. Novela. Petronio. II. Antoloxía. Suetonio e César.

UNIDADE 8: A historiografía en Roma

Literatura

- Os historiadores de época republicana.
- Os historiadores de época imperial.
- A historiografía cristiá.
- Tradição e permanencia. A permanencia do xénero historiográfico. Ecos do xénero: A España de Galdós. Los idus de marzo. Historia de Roma, de Indro Montanelli.

Lingua

- Oracións subordinadas de infinitivo.
- Verbos defectivos e impersoais.

Léxico

- Evolución de grupos consonánticos iniciais.
- Composición: prefixos inseparables.
- Campos semánticos: Os sentimentos.
- Dicionario: Compostos. Adverbios.
- Expresións e frases latinas.

Textos

- A tradución de textos: Un texto analizado e traducido: César.
- Textos para analizar e traducir: I. Historiografía. Salustio. II. Antoloxía. César.

UNIDADE 9: A retórica e a oratoria

Literatura

- A oratoria en Roma.
- A oratoria antes de Cicerón.
- A época de Cicerón.
- A obra oratoria de Cicerón.
- A obra retórica de Cicerón.
- A oratoria despois de Cicerón.
- Tradición e permanencia. A permanencia da retórica e a oratoria: Un discurso de Jovellanos. Ecos do xénero: Un discurso de Albert Einstein. Un discurso de Nelson Mandela.

Lingua

- As oracións subordinadas de relativo.
- O relativo qui quae quod.
- Outros relativos.
- Subordinación relativa. O modo. Relativo de enlace.
- Verbos depoñentes e semidepoñentes.

Léxico

- Evolución de grupos consonánticos internos.
- Composición: prefixos separables.
- Campos semánticos: As ciencias naturais.
- Dicionario: Verbos depoñentes e semidepoñentes.

- Expresións e frases latinas.

Textos

- A tradución de textos: Un texto analizado e traducido: Cicerón.
- Textos para analizar e traducir: I. Oratoria. Cicerón. II. Antoloxía. Frontino e César.

UNIDADE 10: O xénero epistolar

Literatura

- Características do xénero epistolar.
- As cartas privadas.
- As cartas públicas.
- Epistolarios en verso.
- Epistolarios en prosa.
- Tradición e permanencia. A permanencia do xénero epistolar: Cartas Marruecas. Ecos do xénero: Carta de Mary W. Shelley. O xardín das dúbidas.

Lingua

- A interrogación.
- Interrogativos.
- As interrogativas directas.
- Subordinación interrogativa.
- Verbos irregulares volo, nolo, malo.

Léxico

- Evolución de grupos consonánticos internos.
- Composición: prefixos separables.
- Campos semánticos: As ciencias exactas.
- Dicionario: Uso do dicionario.
- Expresións e frases latinas.

Textos

- A tradución de textos: Un texto analizado e traducido: Cicerón.
- Textos para analizar e traducir: I. Epistolografía. Cicerón. Plinio o Mozo. II. Antoloxía. Cicerón, Valerio Máximo e César.

UNIDADE 11: A filosofía

Literatura

- A filosofía en Roma. As cartas privadas.
- O epicureísmo.
- O estoicismo.
- O escepticismo.
- O eclecticismo.
- Tradición e permanencia. A permanencia dos escritos filosóficos: Fray Luis de León. Pío Baroja e a ataraxia. Ecos do xénero: Una de romanos.

Lingua

- Subordinación mediante conxunción.
- Valores da conxunción cum.
- A conxunción ut/ne.
- Esquema das oracións subordinadas circunstanciais.

Léxico

- Evolución de grupos consonánticos con iode.
- Composición mediante adverbios.
- Campos semánticos: As ciencias sociais.
- Dicionario: As conxuncións.
- Expresións e frases latinas.

Textos

- A tradución de textos: Un texto analizado e traducido: Séneca.
- Textos para analizar e traducir: I. Filosofía. Cicerón. II. Antoloxía. Valerio Máximo, Cicerón e César.

UNIDADE 12: A prosa científica e técnica

Literatura

- A ciencia e a técnica en Roma.
- Pragmatismo e enciclopedismo.
- A agricultura.
- A xeografía.

- A arquitectura e a enxeñería.
- A veterinaria.
- A medicina.
- As ciencias naturais.
- A gastronomía.
- Tradição e permanencia. A permanencia da prosa científica e técnica: A arquitectura. As ciencias naturais. A medicina.

Lingua

- Estilo indirecto latino.

Léxico

- Evolución de grupos consonánticos secundarios.
- Composición e derivación.
- Campos semánticos: Lingua e literatura.
- Uso do dicionario.
- Expresións e frases latinas.

Textos

- A tradución de textos: Un texto analizado e traducido: Plinio.
- Textos para analizar e traducir: I. Prosa técnica. Pomponio Mela. Vitrubio. II. Antoloxía. Evanxeo de San Lucas, Santo Agostiño e César.

En cada avaliación veranse 4 unidades.

5. Metodoloxía

A metodoloxía didáctica ha de ser activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Polas características propias deste tipo de ensino, hai que favorecer a **atención á diversidade** que garanta unha atención personalizada atendendo ás necesidades individuais do alumnado.

É moi importante a asistencia tanto ás titorías lectivas como ás titorías de orientación e insistirase continuamente ao alumnado para que asista, sempre que lle sexa posible. Nas titorías lectivas adicarase a maior parte do tempo a afondar na tradución de textos e a partir destes abordaranse aspectos de morfoloxía e sintaxe e tamén de composición e derivación, latinismos, etc. O alumnado terá na aula virtual con suficiente antelación os textos cos que se traballará nas titorías lectivas. As titorías de orientación servirán para traballar contidos que non estean suficientemente asimilados.

Proporanse diversas tarefas e traballos relacionados con aspectos básicos da materia: tradución de textos, aspectos relacionados con expresión latinas, topónimos, composición e derivación, e cuestión referidas aos temas de literatura. Estas tarefas ponderarán un 20% na nota de avaliación.

O material estará dispoñible na aula virtual, o que facilitará o seguimento da materia no caso de que haxa alumnado que non poida asistir a clase con regularidade. A referencia para o alumnado é a guía

electrónica do IES San Clemente. Na aula virtual do centro estarán a disposición do alumnado as unidades da guía electrónica e material diverso para asimilar os contados e facilitar a aprendizaxe (actividades para resolver, exercicios resoltos, exercicios interactivos, cuestionarios, mapas, vídeos, etc.)

O alumnado ten a posibilidade de contactar coa profesora sempre que o precise, mediante o correo electrónico e na aula virtual, para intentar resolver calquera dúbida ou dificultade que atope, no menor tempo posible.

O método de traballo xirará en torno á tradución, fundamental durante todo o curso.

Será necesario afondar naquelas cuestións de maior grao de dificultade e que o curso anterior aínda non quedaran asentadas ou non foron estudadas.

Farase fincapé continuamente na análise morfosintáctica, de modo que quede sempre moi clara a estrutura do texto, ao ser este un curso no que se traballa sobre todo a subordinación.

Respecto ao uso do dicionario, sinalar que neste curso vai ser fundamental; comezase a usar paulatinamente para que o alumno se familiarice co seu uso pouco a pouco, intentando que non se "faga escravo" do dicionario, recorrendo a el cando realmente sexa preciso.

Por último, no que a contidos se refire, traballaremos a fondo as expresións latinas e frases feitas, que teñen repercusión e uso nos nosos días e que debe saber e coñecer calquera persoa cunha formación humanística.

Os textos cos que se traballará serán fundamentalmente de **Eutropio** e verase algunha fábula de **Fedro**.

6. Materiais e Recursos Didácticos

Facilitaranse ao alumnado materiais de diversa procedencia (mapas, follas de exercicios, etc.) para traballar aspectos concretos do temario.

Ofreceráse tamén como material complementario algunha páxina web, que poida resultar útil para tratar aspectos concretos do temario, tanto para realizar exercicios de morfoloxía, de sintaxe, de topónimos, de latinismos, etc. como para afondar nos temas de literatura. Isto servirá tamén para fomentar o **uso das tecnoloxías da información e da comunicación**. Algunhas das que podemos empregar son:

<https://www.culturaclasica.com/>

<http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium>

www.biografiasyvidas.com

www.latinedisce.net

<https://almacendeclasicas.blogspot.com/2013/07/latinismos-y-locuciones-latinas.html>

7. Criterios de Avaliación, Cualificación e Promoción

Debido ao carácter progresivo da materia, a avaliación será continua. Teranse en conta, fundamentalmente, os progresos na análise, tradución e comprensión de frases e textos breves de dificultade crecente.

Os **criterios de avaliación** serán os seguintes:

1. Ser capaz de comprender e traducir de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros literarios.

Con este criterio preténdese comprobar o progreso na práctica da tradución, así como a capacidade de lectura comprensiva adquirida polo alumnado. Na tradución procurarase combinar a fidelidade coa corrección no estilo, facendo un adecuado uso do dicionario.

2. Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán.

Este criterio trata de comprobar o coñecemento e manexo da lingua latina por parte do alumnado, completando o nivel adquirido no curso anterior mediante o estudo das irregularidades morfolóxicas de maior frecuencia e dos procedementos máis habituais de subordinación propios da lingua latina. O alumnado debe manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de dificultade progresiva e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto doutras linguas por el coñecidas.

3. Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico.

Este criterio trata de avaliar se o alumnado domina os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e se é consciente de que eses derivados pasaron como tales á lingua que utiliza. Así mesmo, trátase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composición, no que xogan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina.

4. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais.

Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior, especialmente a escrita en galego e castelán nos que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura latina.

5. Planificar e realizar traballos monográficos manexando fontes de diversos tipos (restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, traballos específicos, etc.) e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, procura, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. O alumnado, guiado polo profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastará e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas fundamentais en todo o proceso e como soporte para a exposición das súas conclusións. Neste sentido, recoméndase o uso de páxinas web, blogs, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.

6. Ler obras da literatura latina traducidas.

Con este criterio preténdese que o alumnado capte a mensaxe contida na obra, as claves do xénero e o seu contexto histórico. Pode tratarse de obras completas, traducidas ou adaptadas ao nivel de bacharelato, ou ben de antoloxías dunha única ou varias autorías ou que se articulen ao redor de temas concretos. O que se busca fundamentalmente é potenciar o hábito de lectura con textos atractivos para o alumnado.

Criterios de cualificación:

En cada avaliación propóranse diversas tarefas e traballos relacionados con aspectos básicos da materia: tradución de textos, aspectos relacionados con expresión latinas, topónimos, composición e derivación, e cuestión referidas aos temas de literatura. Estas tarefas ponderarán un 20% na cualificación. En cada avaliación haberá unha proba escrita que constará de tradución dun fragmento da obra de Eutropio cunha cuestión sobre morfoloxía e sintaxe do propio texto e preguntas

relacionadas con latinismos, topónimos, composición e derivación e literatura. Esta proba terá unha ponderación do 80% da cualificación do alumnado. Terá unha cualificación positiva o alumnado que acade unha nota igual ou superior a 5. Ao ser avaliación continua, o alumnado que aprobe unha avaliación, se tiña a anterior ou anteriores suspensas, automaticamente recuperará a anterior ou anteriores. En todas as probas entrarán todos os contidos abordados ata ese momento.

Para acadar unha avaliación positiva o alumnado deberá ser capaz ao finalizar o curso de traducir de forma coherente un texto breve ou frases extraídas do texto de Eutropio ou de Fedro e de realizar a súa análise morfosintáctica. Deberá tamén ter coñecemento dos temas de literatura, dos latinismos e topónimos, marcados polo grupo de traballo da CIUG e nocións básicas de composición e derivación. O alumnado que non acade unha avaliación positiva mediante as probas que se realizan nas tres avaliacións do curso poderá realizar unha proba final na convocatoria ordinaria que estará deseñada tomando como referencia os contidos mínimos esixibles. A proba da convocatoria extraordinaria será das mesmas características cá da convocatoria ordinaria.

8. Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da programación didáctica

Cando se avalíe o **desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe** farase unha reflexión sobre os seguintes puntos:

- Planificación
- Motivación do alumnado (dentro das dificultades do ensino semipresencial)
- Desenvolvemento do ensino-aprendizaxe
- Proceso de ensino e a práctica docente.

Polo que se refire á **avaliación da programación didáctica**, hai que realizar un seguimento da programación didáctica para ver se hai que modificar algo. De existir modificacións xustificadas, haberá que reflexalas no libro de actas do departamento e na memoria de fin de curso.

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Contémplanse unha serie de actividades de reforzo para cada avaliación, especialmente deseñadas para o alumnado que o precise. Estas actividades centraranse sobre todo na tradución de textos, con especial atención ás cuestións nas que cada alumno teña máis dificultade. Inistirase en que este alumnado asista con regularidade ás titorías de orientación para poder reforzar os contidos nos que presenten máis dificultade.

10. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que presente necesidades educativas especiais, poderanse adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

11. Elementos transversais

O curriculum do Bacharelato ten un carácter integrador coa finalidade de consolidar no alumnado a madurez social e moral que lle permita actuar responsable e autonomamente na sociedade actual o que supón a incorporación ó curriculum de Latín dos valores básicos que demanda a sociedade actual, tales como a educación para os dereitos humanos e a paz, educación moral e cívica, educación para a igualdade entre os sexos, educación ambiental, educación multicultural e educación europea.

Estes temas transversais desenvólvense no proxecto curricular integrados nos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais do curriculum de Latín. Así pois:

A educación para os dereitos humanos e a paz pretende:

- Apreciar os dereitos humanos coma un dos logros irrenunciabes da humanidade.
- Desenvolver actitudes de rexeitamento ás desigualdades sociais e económicas dos pobos.
- Promover actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e etnias.

A educación moral e cívica pretende :

- Desenvolver actitudes de tolerancia e respecto por ideas, opinións e crenzas que non coinciden coas propias.
- Formar un xuízo crítico e razoado dos problemas das sociedades contemporáneas.
- Saber debater cunha actitude crítica e tolerante, argumentando as opinións propias, e utilizando o diálogo como forma de resolver os conflitos humanos e sociais.
- Comprender aqueles contidos de grande impacto social como a emigración, a inmigración, a violencia, o racismo, as desigualdades sociais e económicas, o analfabetismo, etc. no marco xeral das tensións e problemas da sociedade actual.

Para fomentar a Educación para a paz e a Educación moral e cívica introdúcense actividades destinadas a analizar e recoñecer nos textos clásicos as contribucións de personaxes de calquera ámbito do mundo clásico no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia; aplicar as normas que rexen o intercambio comunicativo, sabendo respectar e aceptar as contribucións dos demais; e apreciar e valorar a diversidade lingüística da Península e Europa como mostra da diversidade e riqueza culturais.

A educación para igualdade entre os sexos ten como obxectivos:

- Analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas, dando un tratamento equivalente e equilibrado ó papel semellante que xogan homes e mulleres no devir histórico.
- Consolidar hábitos non discriminatorios na explicación dos feitos e procesos do mundo contemporáneo, partindo da selección e análise de diversas fontes históricas e historiográficas.
- Corrixir a linguaxe sexista e homófoba que, ás veces, se empregan de xeito inconsciente.

Propóñense actividades relacionadas con: recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo e proporcionar posibles solucións para evitar a discriminación; alcanzar o compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa ou nacida da convivencia, formas, termos e expresións que denoten discriminación.

A educación ambiental pretende:

- Comprender as consecuencias medioambientais que se derivan de certos acontecementos políticos, económicos ou científicos: conflitos bélicos, explotación abusiva de recursos naturais, etc.
- Valorar e respectar o patrimonio histórico, cultural e social, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.

Ao mesmo tempo que se pretende que o alumnado reue no contorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen coas culturas clásicas, promóvese o mantemento dun compromiso e unha implicación persoal para acadar a conservación de toda pegada do mundo clásico no contorno natural, sabendo apreciar os avances tecnolóxicos e o respecto das antigas civilizacións pola natureza.

A educación multicultural ten como finalidade:

- Comprender o significado histórico das culturas non europeas.
- Desenvolver actitudes de respecto e valoración de culturas non occidentais.

- Facerlles entender que Europa non ten a solución a todos os problemas, que as democracias europeas non son as únicas formas de organizar pobos e culturas.

Na educación europea o seu principal obxectivo é:

- Coñecer o significado da Unión Europea.
- Desenvolver a conciencia dunha cidadanía europea.

12. Actividades Complementarias e Extraescolares

Dadas as características específicas do ensino semipresencial estas actividades referiranse sobre todo a vídeos e páxinas web recomendadas pola profesora e a información sobre lectura dalgunha obra literaria de tema clásico. Se fora posible, o alumnado asistiría á representación dalgunha obra de tema clásico.

O departamento de Latín organiza un acto no que alumnado e ex-alumnado do centro conta a súa experiencia do seu paso pola EPA. Co acto preténdese resaltar a diversidade do centro e o papel enriquecedor que iso supón para toda a comunidade educativa.

GREGO II

1. Introducción

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a

aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre

linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Grego na etapa de bacharelato ten como primeira finalidade introducir o alumnado no coñecemento básico da lingua grega antiga nos seus aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos, co obxecto de lle permitir acceder directamente a algúns dos textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, a través dos cales chegou ata nós unha boa parte do denominado legado clásico. O estudo da lingua e a literatura grega serve, ademais, como instrumento idóneo para se iniciar nun coñecemento directo do pensamento e a cultura grega antiga, que constitúen a base da civilización occidental.

Por outra banda, a través do estudo das peculiaridades morfosintácticas do grego antigo é posible chegar a comprender máis profundamente conceptos lingüísticos que resultan esenciais para avanzar no coñecemento e o uso correcto, tanto da lingua propia como doutras lingua estudadas polo alumnado.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organizouse en bloques que, con lixeiros matices, aparecen nos dous cursos. Estes bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización grega, sen as que non é posible apreciar na súa verdadeira dimensión a importancia do seu legado.

O primeiro destes bloques parte da relación entre o grego antigo e outras linguas da familia indoeuropea, para analizar o papel que estas últimas tiveron na orixe e na formación de moitas das linguas que se falan na actualidade. Para a explicación deste feito, que tradicionalmente foi presentado como un dos principais argumentos para xustificar a importancia do estudo das linguas clásicas, cómpre partir do marco xeográfico en que se desenvolve a civilización grega, marco que resulta determinante na configuración do carácter dialectal da súa lingua. Ademais, estudárase a influencia dos acontecementos históricos na evolución e no desenvolvemento das linguas literarias e na posterior converxencia dos dialectos ata chegar a constituírse a koiné e o actual idioma grego. O alumnado que estuda grego clásico aprende grego moderno con notable facilidade, nomeadamente se se estudou

mediante un método natural de aprendizaxe; é dicir, a metodoloxía das linguas modernas aplicada ao estudo das linguas clásicas, que cada vez máis profesorado utiliza nas súas aulas.

Ao estudo dos aspectos netamente lingüísticos dedícanse tres bloques: o primeiro, previsto só para o primeiro curso, céntrase nalgúns elementos básicos da lingua e, moi especialmente, no procedemento de escritura, comezando por percorrer os sistemas coñecidos para analizar despois a orixe e a evolución do alfabeto grego e a súa pronuncia e transcripción ao abecedario latino; os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema son a morfoloxía e a sintaxe, dúas realidades inseparables que conforman e integran xuntas o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, facendo especial fincapé na distinción entre o procedemento temático e o aтемático, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a súa relación con outras dentro da oración. A sintaxe, á súa vez, ocúpase de estudar as estruturas oracionais gregas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade. O fin último vai ser analizar e comprender os propios textos, aos que se dedica outro dos bloques de contidos previstos nos dous cursos, sempre de dificultade progresiva e adaptados aos contidos que o alumnado manexe en cada momento.

Pero como os textos non están carentes de contido, ou iso é o desexable, preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. A lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización grega que, á fin e ao cabo, constitúe a cerna da nosa.

Nos dous cursos dedicouse un bloque ao estudo desta civilización, co obxecto de identificar non só os fitos máis importantes da súa historia senón tamén os aspectos propios da súa organización política e social e da súa identidade cultural, visibles nos papeis familiares, nos traballos, nos avances científicos e técnicos, nas festas e os espectáculos e, sobre todo, nas manifestacións relixiosas. Dentro destas merece especial atención o estudo da mitoloxía, pois a súa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas do mundo antigo, entre as que destacan, por unha banda, as relativas ás artes plásticas e máis concretamente a escultura e a arquitectura, e, pola outra, ás literarias. Procurouse neste bloque establecer sempre unha valoración desde o punto de vista do mundo contemporáneo, unha comparación coa situación actual que enriqueza a nosa identidade.

No derradeiro curso, o estudo da cultura grega oriéntase principalmente ao coñecemento das manifestacións literarias, aproveitando os coñecementos da lingua xa adquiridos para introducir o alumnado no estudo da orixe e a evolución dos xéneros, mediante a lectura de fragmentos das obras orixinais, utilizándoas como instrumento para comprender as claves esenciais da sociedade en que viron a luz.

Para rematar, dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces grecolatinas nas linguas modernas senón, ademais, porque contribúe a que o alumnado adquira unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos así, pouco a pouco, ao seu vocabulario.

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de

disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural, ademais de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

O estudo das linguas clásicas, e do grego en particular, constitúe un instrumento fundamental para favorecer o discurso e, por tanto, a estruturación do pensamento do alumnado, o desenvolvemento da lóxica lingüística e a disciplina mental que se manteñen no tempo aínda que se esquezan os contidos concretos.

Por último, cómpre lembrar que nesta nosa sociedade que vive por e para o utilitarismo e o inmediato será imprescindible facer unha reflexión sobre o valor do que é realmente importante para que o noso alumnado adopte unha visión crítica da sociedade que o rodea.

Os coñecementos adquiridos nas aulas que nun principio poden parecer carentes de utilidade práctica resultan verdadeiramente importantes cando capacitan a persoa para adoptar criterios que lle permitan discernir entre o xusto e o inxusto, o relevante e o accesorio, entre o καλόν e o κακόν.

2. Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave

As **competencias clave** do curriculum serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Non se pode establecer unha relación exclusiva entre asignaturas e competencias, dito doutra forma, a relación entre competencias e asignaturas é transversal, é dicir, ao desenrolo dunha competencia contribúese desde todas as asignaturas en maior ou menor medida e, en consecuencia, desde unha asignatura se contribúese ao desenrolo de todas as competencias, igualmente, en maior ou menor medida.

Así pois, na aprendizaxe por competencias, a asignatura de Grego desempeña un papel esencial xunto ás demais asignaturas que cursa o alumno. Por outra parte, é evidente que a asignatura de Grego contribuirá en maior medida ó desenvolvemento de determinadas competencias, polo que é preciso sinalar en que aspectos contribúe a materia a ese desenvolvemento en cada unha.

Competencia en comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística debemos vincularla coa práctica social da comunicación, sexa oral ou escrita. Ó desenvolvemento da mesma, a asignatura de Grego contribúe de forma especial e significativa desde moitos e diferentes contidos e actividades, de modo que os alumnos que cursaron a asignatura adquiren unha especial preparación para afrontar con éxito situacións de comunicación oral ou escrita, desde unha mellora evidente da comprensión formal do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades e dunha especial preparación para a motivación e creación de distintos tipos de mensaxes. A nosa asignatura aporta ao desenvolvemento desta competencia, entre outras contribucións:

- Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e disfrute.
- Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e de linguas estranxeiras.
- Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social.
- Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades.
- Desenvolvemento de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación.
- Desenvolvemento da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido.
- Facilitade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nas mesmas.
- Fomento da capacidade creativa lingüística.
- Mellora na comprensión e emisión de mensaxes orais e escritos.
- Mellora na motivación da aprendizaxe a partir da mellora na comprensión e expresión lingüística.
- Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, en consecuencia, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual.
- Preparación para un mellor acceso ao coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A contribución da asignatura de Grego a esta competencia céntrase en especial en desenvolver aspectos esenciais da formación dos alumnos, como son:

- Desenvolvemento da capacidade crítica e análise razoada de problemas e situacións.
- Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos.
- Desenvolvemento de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan.
- Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidos.
- Desenvolvemento de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións.
- Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc.
- Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias.
- Desenvolvemento do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina.
- Promoción da investigación científica e acercamento aos métodos que lle son propios.
- Elaboración de xuízos críticos sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico ao longo da historia.
- Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías.
- Capacidade de transmisión adecuada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da asignatura.

Competencia dixital

Na asignatura de Grego, a contribución á competencia dixital é inherente á aprendizaxe da mesma, por canto o emprego das tecnoloxías dixitais se converte nun instrumento imprescindible no proceso de ensinanza-aprendizaxe da asignatura. Desta forma, a utilización das tecnoloxías dixitais na asignatura tradúcese nunha contribución clara ao desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos.
- Fomento do traballo colaborativo.
- Búsqueda de información mediante motores de búsqueda.
- Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais.
- Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos.
- Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.).
- Acceso e contribución ao coñecemento de dominio (wiki).
- Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación máis adecuada en función do contido e o receptor da mensaxe.

Aprender a aprender

A asignatura de Grego debe contribuír de forma especial ao desenvolvemento desta competencia, potenciando nos alumnos a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; isto conséguese motivando ao alumno na curiosidade pola asignatura, de modo que el mesmo se sinta protagonista da súa aprendizaxe:

- Motivación por aprender.
- Organización e xestión da propia aprendizaxe.
- Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe.
- Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados.
- Capacidade de aprendizaxe en grupo.

Competencias sociais e cívicas

O traballo e o coñecemento da propia evolución da sociedade romana supón unha contribución excelente ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, máxime nunha sociedade como a actual, tan dinámica e complexa. E isto é así dada a diversidade de situacións e relacións que o estudo da sociedade e a historia de Roma ofrece ao alumno. Desta forma, ese estudo e coñecemento contribuirá ao desenvolvemento desta competencia do seguinte xeito:

- Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais.
- Desenvolvemento de actitudes de respecto nas relacións sociais desde o coñecemento da súa diversidade histórica.
- Análise de situacións para a resolución de conflitos.
- Afianzamiento de valores democráticos e de participación na sociedade.
- Contribución á mellora das institucións desde o coñecemento da súa historia.
- Conciencia de participación na sociedade actual desde o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais.
- Desenvolvemento de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, desde o estudo da súa evolución histórica.
- Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais desde unha perspectiva histórica e cultural.
- Aprendizaxe crítica de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade.
- Respeito reflexivo e crítico ante as diferenzas existentes entre diferentes sistemas de valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta competencia implica basicamente a capacidade que ten o alumno para transformar as súas ideas en actos. Ao desenrolo do proceso que implica esa transformación contribúe a asignatura de Grego mediante:

- Capacidade para pensar de forma creativa.
- Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos.
- Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.).
- Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas.
- Comunicación e presentación de proxectos.
- Capacidade de traballo individual e en grupo.
- Capacidade de autoavaliación.
- Desenrolo do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para alcanzar os obxectivos planificados polo alumno.

Conciencia e expresións culturais

O coñecemento e acercamento á sociedade, á cultura, á literatura, ao pensamento e ás manifestacións artísticas da Grecia antiga contribúe de maneira especial ao desenrolo desta competencia:

- Coñecemento do legado cultural e artístico da Roma antiga.
- Aprecio y valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Análise do legado cultural e artístico da Roma antiga como elemento fundamental da cultura europea.
- Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno.
- Desenrolo do interese polas manifestacións culturais e artísticas.
- Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas romanas e a súa influencia nas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia ata a cultura e a arte contemporánea.
- Desenrolo de valores relativos á conservación do patrimonio e aprecio pola herdanza cultural e artística.

3. Obxectivos

Os **obxectivos xerais** son as capacidades que, por medio das materias comúns, de modalidade e optativas, deberán ser alcanzadas polas alumnas e os alumnos de Bacharelato.

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

A materia de Grego ten ademais os seguintes **obxectivos específicos**:1. Iniciarse na comprensión, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando para este fin o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega.

2. Reflexionar sobre o léxico de orixe grega presente na linguaxe cotiá e na terminoloxía científica, identificando étimos, prefixos e sufixos gregos que axuden a unha mellor comprensión das linguas modernas.

3. Ler textos gregos tanto orixinais como adaptados ou traducidos, realizando unha lectura comprensiva e crítica, distinguindo as características principais e o xénero literario a que pertencen.

4. Coñecer, na medida en que sexa posible, as máis importantes manifestacións culturais da Grecia antiga e recoñecer e valorar a súa contribución e continuidade ao longo da historia no mundo actual.

5. Utilizar de maneira crítica fontes de información variadas, obtendo delas datos relevantes para o coñecemento da lingua e a cultura estudadas.

En resumo, o obxectivo primordial é conseguir que os alumnos acaden un coñecemento elemental da lingua grega nos seus aspectos fonético-fonolóxico, morfosintáctico e léxico, co que poidan acceder aos textos literarios orixinais e mellorar a aprendizaxe e uso da súa lingua. O acceso a estes textos permitiralles coñecer directamente o pensamento dos autores gregos e descubrir a súa ampla vixencia no mundo actual.

4. Estándares de aprendizaxe

4.1. Secuenciación de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis e grao mínimo de consecución de cada estándar

Os contidos da asignatura de Grego II preséntanse distribuídos en seis bloques:

- Bloque 1. Lingua grega
- Bloque 2. Morfoloxía.
- Bloque 3. Sintaxe.
- Bloque 4. Literatura
- Bloque 5. Textos
- Bloque 6. Léxico

Bloque 1. Lingua grega	
CONTIDOS	- Os dialectos antigos, os dialectos literarios e a koiné. - Do grego clásico ao grego moderno.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa. 2. Comprender a relación directa que existe entre o grego clásico e o moderno e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución.
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. 2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR	1.1. Sinala cidades ou restos arqueolóxicos con relevancia histórica. 2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno.
Bloque 2. Morfoloxía	
CONTIDOS	- Revisión da flexión nominal e pronominal: Formas menos usuais e irregulares. - Revisión da flexión verbal: A conxugación atemática. Modos verbais.

CRITERIOS AVALIACIÓN	DE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer as categorías gramaticais. 2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. 3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto clásico. 4. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todo tipo de formas verbais.
ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES	DE	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando os trazos que as distinguen. 2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes. 3.1. Sabe determinar a forma, clase e categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente con axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical. 4.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario todo tipo de formas verbais, conxugándoas e sinalando o seu equivalente en galego ou castelán.
GRAO MÍNIMO CONSECUCCIÓN CADA ESTÁNDAR	DE DE	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Coñece as categorías gramaticais e os seus trazos. 2.1. Identifica en palabras propostas os seus formantes,. 3.1. Determina a forma, clase e categoría gramatical das palabras dun texto. 4.1. Recoñece, axudándose do dicionario, todo tipo de formas verbais,

Bloque 3. Sintaxe		
CONTIDOS		<ul style="list-style-type: none"> - Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. - Usos modais. - Tipos de oracións e construcións sintácticas. - A oración composta. - Formas de subordinación.
CRITERIOS AVALIACIÓN	DE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas. 2. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo. 3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos clásicos

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	<p>1.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas relacionándoas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñece.</p> <p>2.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, traducíndoas correctamente e explicando as funcións que desempeñan.</p> <p>2.2. Coñece, analiza e traduce de forma correcta as construcións de participio relacionándoas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñece.</p> <p>3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.</p>
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR	<p>1.1. Recoñece os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas.</p> <p>2.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos.</p> <p>2.2. Analiza e traduce de forma correcta as construcións de participio.</p> <p>3.1. Identifica na análise de frases e textos elementos sintácticos propios da lingua grega.</p>

Bloque 4. Literatura	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - A épica. - A historiografía. - O drama: Traxedia e comedia. - A lírica. - A oratoria. - A fábula.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior. 2. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base literaria da literatura e cultura europea e occidental. 3. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao

	<p>que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura se a extensión da pasaxe elixida o permite.</p> <p>4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.</p>
ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES	<p>DE</p> <p>1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.</p> <p>2.1. Realiza eixes cronolóxicos situando neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.</p> <p>2.2. Nomea autores representativos da literatura grega, encadrándoos no seu contexto cultural e citando e explicando as súas obras máis coñecidas.</p> <p>3.1. Realiza comentarios de textos gregos situándoos no tempo, explicando as súas características esenciais e identificando o xénero ao que pertencen.</p> <p>4.1. Explora a permanencia dos xéneros e os temas literarios da tradución grega mediante exemplos da literatura contemporánea, analizando o distinto uso que se fixo destes.</p>
GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN CADA ESTÁNDAR	<p>DE DE</p> <p>1.1. Recoñece as características esenciais dos xéneros literarios gregos.</p> <p>2.1. Sitúa autores e obras relacionados coa literatura grega.</p> <p>2.2. Nomea autores representativos da literatura grega, citando e explicando as súas obras máis coñecidas.</p> <p>3.1. Realiza comentarios de textos gregos.</p>

Bloque 5. Textos	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - Tradución e interpretación de textos clásicos. - Uso do dicionario. - Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa. - Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. Identificación das características formais dos textos.
CRITERIOS AVALIACIÓN	<p>DE</p> <p>1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.</p> <p>2. Realizar a tradución, interpretación e comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.</p> <p>3. Identificar as características formais dos textos.</p>

		<p>4. Utilizar o dicionario e buscar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.</p> <p>5. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.</p>
ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES	DE	<p>1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.</p> <p>2.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar un comentario lingüístico, literario e histórico de textos.</p> <p>3.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.</p> <p>4.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, identificando en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo autor.</p> <p>5.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.</p>
GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN CADA ESTÁNDAR	DE DE	<p>1.1. Fai a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.</p> <p>2.1. Realiza un comentario lingüístico, literario e histórico de textos.</p> <p>3.1. Recoñece o xénero e o propósito do texto.</p> <p>4.1. Utiliza o dicionario para a tradución de textos, identificando en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia.</p>

Bloque 6. Léxico	
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación de vocabulario básico grego: A linguaxe literaria e filosófica. - Helenismos máis frecuentes do léxico especializado. - Descomposición de palabras nos seus formantes. - Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.
CRITERIOS AVALIACIÓN	DE <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego. 2. Identificar e coñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais. 3. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado e rementalos aos étimos

	<p>gregos orixinais.</p> <p>4. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou doutras, obxecto de estudo tanto de léxico común coma especializado.</p> <p>5. Relacionar distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.</p> <p>6. Recoñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego: a derivación e a composición para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.</p>
<p>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES</p>	<p>1.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e castalán.</p> <p>2.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da propia lingua nos seus distintos formantes explicando o significado destes.</p> <p>3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.</p> <p>3.2. Recoñece e distingue a partir do étimo grego cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos explicando as diferentes evolucións que se producen nun e outro caso.</p> <p>4.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñece.</p> <p>4.2. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou doutras, obxecto de estudo a partir dos étimos gregos dos que proceden.</p> <p>5.1. Comprende e explica a relación que existe entre diferentes termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.</p> <p>6.1. Sabe descompoñer unha palabra nos seus distintos formantes, coñecer o seu significado en grego para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da propia lingua.</p>
<p>GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA ESTÁNDAR</p>	<p>1.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e castalán.</p> <p>2.1. Descompón palabras do grego antigo e da propia lingua nos seus distintos formantes.</p> <p>3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado..</p> <p>4.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas.</p> <p>5.1. Identifica a relación que existe entre diferentes termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.</p>

4.2. Temporalización

Unidade 1: **Épica. A Ilíada**

Legado

- Homero. A Ilíada. Quen foi Homero? Características da épica. A Ilíada e a guerra de Troia.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero épico: Ecos do xénero épico.

Léxico

- Derivación e composición. Conceptos. Os substantivos derivados I.
- Familias semánticas: A guerra.
- Helenismos: Elementos da natureza.
- O uso do dicionario: As abreviaturas.

Lingua

- A declinación en α . A declinación temática. A declinación atemática.
- Os modos verbais: o subxuntivo.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Homero. II. Antoloxía.

Unidade 2: **Épica. A Odisea**

Legado

- Homero. A Odisea. Contido. Estrutura. Personaxes. Lingua e estilo. Significado.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero épico: Ecos do xénero.

Léxico

- Os substantivos derivados II.
- Familias semánticas: Os deuses, os lugares e os heroes homéricos.
- Helenismos: Materia e forma.
- O uso do dicionario: O enunciado de substantivos e adxectivos.

Lingua

- O adxectivo. O sistema do adxectivo. Adxectivos 2-1-2. Adxectivos 3-1-3 e 3-3.
- O artigo.
- Os modos verbais: o optativo.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. A Odisea. II. Antoloxía.

Unidade 3: **Épica. Argonáuticas**

Legado

- A literatura de época helenística. Apolonio de Rodas. As Argonáuticas: argumento, estrutura, personaxes, significado.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero épico: Ecos do xénero épico

Léxico

- Os substantivos derivados III.
- Familias semánticas: Seres mitolóxicos.
- Helenismos: Tempo, espazo e movemento.
- O uso do dicionario: O enunciado de pronomes.

Lingua

- O sistema pronominal.
- Oracións subordinadas adverbiais I: comparativo-modais, consecutivas, finais, causais.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. As Argonáuticas. II. Antoloxía.

Unidade 4: **Lírica**

Legado

- A poesía lírica en Grecia. Clasificación: a lírica coral, a lírica monódica: a poesía mélica, a poesía iámbica e a poesía. Autores. Temas e pensamento.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero lírico: Ecos do xénero lírico.

Léxico

- Os substantivos derivados IV.
- Familias semánticas: O tempo e os fenómenos naturais.

- Helenismos: Os seres vivos.
- O uso do dicionario: O contido dos artigos de adverbios e preposicións.

Lingua

- Os adverbios. As preposicións.
- As oracións subordinadas II: temporais, condicionais, concesivas.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. A poesía lírica. II. Antoloxía.

Unidade 5: **Traxedia**

Legado

- O xénero dramático en Grecia. As orixes: festa, traxedia e comedia. O edificio, o público, os actores, as obras. A traxedia. Esquilo: obras, pensamento, linguaxe e estilo.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero tráxico: Ecos de Esquilo.

Léxico

- Os verbos derivados: denominativos e deverbativos.
- Familias semánticas: As artes.
- Helenismos: Cantidade e tamaño.
- O uso do dicionario: O enunciado dos verbos.

Lingua

- Os verbos temáticos.
- O tema de perfecto.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Teatro. II. Antoloxía.

Unidade 6: **Traxedia. Sófocles e Eurípides**

Legado

- Sófocles e Eurípides.
- Tradição e permanencia: A permanencia do xénero trágico: Ecos de Sófocles e de Eurípides.

Léxico

- Os adxectivos denominativos.
- Familias semánticas: Relixión.
- Helenismos: Percepción.
- O uso do dicionario: O contido dos artigos de verbos.

Lingua

- A voz pasiva.
- Os verbos atemáticos.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Sófocles e Eurípides. II. Antoloxía.

Unidade 7: **Comedia. Aristófanes**

Legado

- Orixe. Evolución. A comedia antiga: Aristófanes. Obras. Contido, forma, linguaxe e estilo.
- Tradição e permanencia: A permanencia do xénero cómico: Ecos do xénero cómico.

Léxico

- Os adxectivos verbais.
- Familias semánticas: O ser humano.
- Helenismos: O corpo humano I.
- O uso do dicionario: O contido de artigos de substantivos.

Lingua

- As formas nominais do verbo: o infinitivo.
- Os modos verbais: o imperativo.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. A comedia. II. Antoloxía.

Unidade 8: **Novela**

Legado

- Características da novela. Fontes e orixes. Público e sociedade da novela. As novelas: autores e obras.
- Tradición e permanencia: A permanencia do xénero novelesco.

Léxico

- Os prefixos non preposicionais I.
- Familias semánticas: O cotián.
- Helenismos: O corpo humano II.
- O uso do dicionario: O contido dos artigos de adxectivos.

Lingua

- As formas nominais do verbo. O participio.
- A interrogación.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Novela. II. Antoloxía.

Unidade 9: **Historiografía**

Legado

- Os prefixos non preposicionais II.
- Tradición e permanencia: A permanencia da historiografía. Ecos da historiografía.

Léxico

- Os prefixos non preposicionais I.
- Familias semánticas: O goberno. A sociedade.
- Helenismos: Busca e interpretación.
- O uso do dicionario: A sociedade.

Lingua

- Os casos gregos e a súa función sintáctica.
- Sintagma e oración: O sintagma. A estrutura do SN. A ruptura da orde do sintagma. O C. Pred.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Historiografía. II. Antoloxía.

Unidade 10: **Oratoria**

Legado

- Logografía e retórica. O discurso. Os principais oradores: Eivas, Isócrates. Demóstenes: obras, lingua e estilo.
- Tradición e permanencia: A permanencia da oratoria. Ecos do xénero oratorio.

Léxico

- Os prefixos preposicionais I.
- Familias semánticas: A política.
- Helenismos: Acción I.
- O uso do dicionario: Busca e interpretación.

Lingua

- A oración: oración simple e oración composta.
- Hipotaxe.
- As oracións subordinadas substantivas.
- A construción persoal e impersoal.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Oratoria. II. Antoloxía.

Unidade 11: **Filosofía**

Legado

- Sócrates.
- Tradición e permanencia: A permanencia da filosofía. Ecos de Sócrates.

Léxico

- Os prefixos preposicionais II.
- Familias semánticas: A filosofía.
- Helenismos: Acción II.
- O uso do dicionario: Busca e interpretación.

Lingua

- Hipotaxe: as oracións subordinadas adxectivas.
- A construción persoal e impersoal.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Filosofía. II. Antoloxía.

Unidade 12: **Prosa científica e técnica**

Legado

- Matemáticas e astronomía. Física e enxeñería. Ciencias naturais. Medicina.
- Tradición e permanencia: A permanencia da prosa científica e técnica. Ecos do xénero.

Léxico

- A composición de dúas palabras simples.
- Familias semánticas: As ciencias.
- Helenismos: Ciencia e técnica.
- O uso do dicionario: Busca e interpretación.

Lingua

- Hipotaxe. As oracións subordinadas adverbiais.

Textos

- Un texto analizado e traducido.
- Textos gregos: I. Prosa científica e técnica. II. Antoloxía.

En cada avaliación veranse 4 unidades.

5. Metodoloxía

A metodoloxía didáctica ha de ser activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Polas características propias deste tipo de ensino, hai que favorecer a **atención á diversidade** que garanta unha atención personalizada atendendo ás necesidades individuais do alumnado.

É moi importante a asistencia tanto ás titorías lectivas como ás titorías de orientación e insistirase continuamente ao alumnado para que asista, sempre que lle sexa posible. Nas titorías lectivas adicarase a maior parte do tempo a afondar na tradución de textos e a partir destes abordaranse aspectos de morfoloxía e sintaxe; traballarase tamén con helenismos, literatura, prefixos e sufixos de orixe grega, etc. O alumnado terá na aula virtual con suficiente antelación os textos cos que se traballará nas titorías lectivas. As titorías de orientación servirán para traballar contidos que non estean suficientemente asimilados ou para reforzalos.

Proporanse diversas tarefas e traballos relacionados con aspectos básicos da materia: tradución de textos, aspectos relacionados con helenismos, prefixos e sufixos de orixe grega, e cuestión referidas aos temas de literatura. Estas tarefas ponderarán un 20% na cualificación do alumnado.

O material estará dispoñible na aula virtual, o que facilitará o seguimento da materia no caso de que haxa alumnado que non poida asistir a clase con regularidade. A referencia para o alumnado é a guía electrónica do IES San Clemente. Na aula virtual do centro estarán a disposición do alumnado as unidades da guía electrónica e material diverso para assimilar os contados e facilitar a aprendizaxe (actividades para resolver, exercicios resoltos, exercicios interactivos, cuestionarios, mapas, vídeos, etc.)

O alumnado ten a posibilidade de contactar coa profesora sempre que o precise, mediante o correo electrónico e na aula virtual, para intentar resolver calquera dúbida ou dificultade que atope, no menor tempo posible.

O método de traballo xirará en torno á tradución, fundamental durante todo o curso.

Será necesario afondar naquelas cuestións de maior grao de dificultade e que o curso anterior aínda non quedaran asentadas ou non foron estudadas.

Farase fincapé continuamente na análise morfosintáctica, de modo que quede sempre moi clara a estrutura do texto, ao ser este un curso no que se traballa sobre todo a subordinación.

Respecto ao uso do dicionario, sinalar que neste curso vai ser fundamental; comezase a usar paulatinamente para que o alumnado se familiarice co seu uso pouco a pouco, intentando que non se "faga escravo" do dicionario, recorrendo a el cando realmente sexa preciso.

Os textos cos que se traballará serán fundamentalmente de **Xenofonte**.

6. Materiais e Recursos Didácticos

Facilitaranse aos alumnos materiais de diversa procedencia (mapas, follas de exercicios, etc.) para traballar aspectos concretos do temario.

Ofreceráse tamén como material complementario algunha páxina web, que poida resultar útil para tratar aspectos concretos do temario, tanto para realizar exercicios de morfoloxía, de sintaxe, de helenismos, etc. como para afondar nos temas de literatura. Isto servirá tamén para fomentar o **uso das tecnoloxías da información e da comunicación**. Algunhas das que podemos empregar son:

<https://www.culturaclasica.com/>

<http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium>

www.biografiasyvidas.com

7. Criterios de Avaliación, Cualificación e Promoción

Debido ao carácter progresivo da materia, a avaliación será continua. Teranse en conta, fundamentalmente, os progresos na análise, tradución e comprensión de frases e textos breves de dificultade crecente.

Os **criterios de avaliación** serán os seguintes:

1. Comprender e traducir de forma coherente textos gregos pertencentes a diversos xéneros literarios.

Con este criterio preténdese comprobar a adquisición dunha certa competencia lingüística e o progreso na práctica da tradución. Valorarase a elección correcta das estruturas sintácticas, das formas verbais, das equivalencias léxicas na lingua materna e da orde de palabras no proceso e resultado da tradución, así como o uso adecuado do dicionario.

2. Identificar e analizar en textos orixinais os elementos da morfoloxía e da sintaxe casual e oracional comparándoos con outras linguas coñecidas.

Este criterio trata de comprobar o coñecemento da lingua grega por parte do alumnado. Este ha de manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de maior complexidade e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto a outras linguas por el coñecidas.

3. Recoñecer en textos gregos orixinais termos que son compoñentes e étimos de helenismos e deducir o seu significado, tanto no vocabulario patrimonial das linguas modernas coma nos diversos léxicos científico-técnicos.

Este criterio serve para determinar se se domina o vocabulario básico e se se coñecen os procedementos de derivación e composición dos helenismos nas linguas modernas, así como a correcta transcripción dos termos e as transformacións que experimentan no eido formal e semántico.

4. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e os seus trazos literarios e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais, identificando elementos de androcentrismo e etnocentrismo neles.

Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior en que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura grega.

5. Realizar traballos monográficos consultando as fontes directas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados. Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, busca,

recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. Sempre baixo a dirección do profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastará e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta fundamental en todo o proceso e como soporte polivalente para a exposición das súas conclusións.

Criterios de cualificación:

En cada avaliación propóranse diversas tarefas e traballos relacionados con aspectos básicos da materia: tradución de textos, morfoloxía, sintaxe, helenismos, prefixos e sufixos de orixe grega e cuestión referidas aos temas de literatura. Estas tarefas ponderarán un 20% na cualificación. En cada avaliación haberá unha proba escrita que constará de tradución dun fragmento da obra de Xenofonte cunha cuestión sobre morfoloxía e sintaxe do propio texto e preguntas relacionadas con helenismos, topónimos, prefixos e sufixos de orixe grega e literatura. Esta proba terá unha ponderación do 80% da cualificación do alumnado. Terá unha cualificación positiva o alumnado que acade unha nota igual ou superior a 5. Ao ser avaliación continua, o alumnado que aprobe unha avaliación, se tiña a anterior ou anteriores suspensas, automaticamente recuperará a anterior ou anteriores. En todas as probas entrarán todos os contidos abordados ata ese momento.

Para acadar unha avaliación positiva o alumnado deberá ser capaz ao finalizar o curso de traducir de forma coherente un texto breve ou frases extraídas do texto de Eutropio ou de Fedro e de realizar a súa análise morfosintáctica. Deberá tamén ter coñecemento dos temas de literatura e de helenismos.

O alumnado que non acade unha avaliación positiva mediante as probas que se realizan nas tres avaliacións do curso poderá realizar unha proba final na convocatoria ordinaria que estará deseñada tomando como referencia os contidos mínimos esixibles. A proba da convocatoria extraordinaria será das mesmas características cá da convocatoria ordinaria.

8. Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da programación didáctica

Cando se avalíe o **desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe** farase unha reflexión sobre os seguintes puntos:

- Planificación
- Motivación do alumnado (dentro das dificultades do ensino semipresencial)
- Desenvolvemento do ensino-aprendizaxe
- Proceso de ensino e a práctica docente.

Polo que se refire á **avaliación da programación didáctica**, hai que realizar un seguimento da programación didáctica para ver se hai que modificar algo. De existir modificacións xustificadas, haberá que reflexalas no libro de actas do departamento e na memoria de fin de curso.

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Contéplanse unha serie de actividades de reforzo para cada avaliación, especialmente deseñadas para o alumnado que o precise. Estas actividades centraranse sobre todo na tradución de textos, con especial atención ás cuestións nas que cada alumno teña máis dificultade. Instirase en que este alumnado asista con regularidade ás titorías de orientación para poder reforzar os contidos nos que presenten máis dificultade.

10. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que presente necesidades educativas especiais, poderanse adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

11. Elementos transversais

O curriculum do Bacharelato ten un carácter integrador coa finalidade de consolidar no alumnado a madurez social e moral que lle permita actuar responsable e autonomamente na sociedade actual o que supón a incorporación ó curriculum de Grego dos valores básicos que demanda a sociedade actual, tales como a educación para os dereitos humanos e a paz, educación moral e cívica, educación para a igualdade entre os sexos, educación ambiental, educación multicultural e educación europea.

Estes temas transversais desenvólvense no proxecto curricular integrados nos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais do curriculum de Grego. Así pois:

A educación para os dereitos humanos e a paz pretende:

- Apreciar os dereitos humanos coma un dos logros irrenunciáveis da humanidade.
- Desenvolver actitudes de rexeitamento ás desigualdades sociais e económicas dos pobos.
- Promover actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e etnias.

A educación moral e cívica pretende :

- Desenvolver actitudes de tolerancia e respecto por ideas, opinións e crenzas que non coinciden coas propias.
- Formar un xuízo crítico e razoado dos problemas das sociedades contemporáneas.
- Saber debater cunha actitude crítica e tolerante, argumentando as opinións propias, e utilizando o diálogo como forma de resolver os conflitos humanos e sociais.
- Comprender aqueles contidos de grande impacto social como a emigración, a inmigración, a violencia, o racismo, as desigualdades sociais e económicas, o analfabetismo, etc. no marco xeral das tensións e problemas da sociedade actual.

Para fomentar a Educación para a paz e a Educación moral e cívica introdúcense actividades destinadas a analizar e recoñecer nos textos clásicos as contribucións de personaxes de calquera ámbito do mundo clásico no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia; aplicar as normas que rexen o intercambio comunicativo, sabendo respectar e aceptar as contribucións dos demais; e apreciar e valorar a diversidade lingüística da Península e Europa como mostra da diversidade e riqueza culturais.

A educación para igualdade entre os sexos ten como obxectivos:

- Analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas, dando un tratamento equivalente e equilibrado ó papel semellante que xogan homes e mulleres no devir histórico.
- Consolidar hábitos non discriminatorios na explicación dos feitos e procesos do mundo contemporáneo, partindo da selección e análise de diversas fontes históricas e historiográficas.
- Corrixir a linguaxe sexista e homófoba que, ás veces, se empregan de xeito inconsciente.

Propóñense actividades relacionadas con: recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo e proporcionar posibles solucións para evitar a discriminación; alcanzar o compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa ou nacida da convivencia, formas, termos e expresións que denoten discriminación.

A educación ambiental pretende:

- Comprender as consecuencias medioambientais que se derivan de certos acontecementos políticos, económicos ou científicos: conflitos bélicos, explotación abusiva de recursos naturais, etc.
- Valorar e respectar o patrimonio histórico, cultural e social, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.

Ao mesmo tempo que se pretende que o alumnado reue no contorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen coas culturas clásicas, promóvese o mantemento dun compromiso e unha implicación persoal para acadar a conservación de toda pegada do mundo clásico no contorno natural, sabendo apreciar os avances tecnolóxicos e o respecto das antigas civilizacións pola natureza.

A educación multicultural ten como finalidade:

- Comprender o significado histórico das culturas non europeas.
- Desenvolver actitudes de respecto e valoración de culturas non occidentais.
- Facerlles entender que Europa non ten a solución a todos os problemas, que as democracias europeas non son as únicas formas de organizar pobos e culturas.

Na educación europea o seu principal obxectivo é:

- Coñecer o significado da Unión Europea.
- Desenvolver a conciencia dunha cidadanía europea.

12. Actividades Complementarias e Extraescolares

Dadas as características específicas do ensino semipresencial, estas actividades referiranse a vídeos e páxinas web recomendadas pola profesora e a información sobre lectura dalgunha obra literaria de tema clásico. . Se fora posible, o alumnado asistiría á representación dalgunha obra de tema clásico.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

1. Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave

As **competencias clave** do curriculum serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Relaciónase directamente coas **competencias sociais e cívicas (CSC)**, entendidas como a habilidade para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis globalizados; elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en convicións democráticas. Pode dicirse que todo o currículo contribúe á adquisición desta competencia, xa que a referencia á identidade persoal e á súa relación con outras identidades para forxar unha convivencia positiva, a autoestima, a aposta por unhas relacións de xénero equitativas e pola participación, a diversidade entendida como un valor, a insistencia nos dereitos e deberes, e no respecto aos Dereitos Humanos mostra ata que punto se compromete con esta competencia. As formas de traballo colaborativo favorecen o encontro entre as individualidades e con iso o xurdimento de lazos sociais, reforzando a súa contribución á adquisición da competencia.

Esta materia contribuirá de maneira decisiva á adquisición da **competencia lingüística (CCL)**, xa que a linguaxe será a ferramenta fundamental para a comunicación, a representación, a comprensión e interpretación da realidade, así como para a construción do coñecemento e a organización do pensamento. A materia proporciona contidos e situacións de ensinanza-aprendizaxe significativas para estimular as catro habilidades lingüísticas: falar, escoitar, ler e escribir. O uso do debate e da discusión racional, ademais do traballo colaborativo, cooperan tamén ao desenvolvemento desta competencia, porque esixe exercitarse na escoita, a exposición e a argumentación. A comunicación de sentimentos, ideas e opinións, imprescindibles para lograr os obxectivos destas materias, ao utilizar tanto a linguaxe verbal como a escrita, a valoración crítica das mensaxes explícitas e implícitas de fontes diversas e, particularmente, na publicidade e nos medios de comunicación, tamén axudan á adquisición da competencia. Finalmente, o coñecemento e o uso de termos e conceptos propios da análise do social, posibilitan o enriquecemento do vocabulario e favorece non só a comunicación cos outros, senón tamén o desenvolvemento da representación mental e o pensamento lóxico-formal.

Só desde o coñecemento global que proporciona esta materia sobre a complexa sociedade actual, o alumnado será capaz de identificar e comprender os acontecementos, procesos e fenómenos no contexto no que se producen e comprender a realidade do mundo en que viven, e no que deberá desenvolver a súa capacidade de **iniciativa** e o seu **espírito emprendedor (CSIEE)**, con ferramentas básicas que lle permitan tomar decisións con criterio propio para transformar as súas ideas en accións. Para iso, é preciso favorecer o desenvolvemento de iniciativas de planificación e execución, así como procesos de toma de decisións, presentes máis claramente na realización de debates e de traballos individuais ou en grupo xa que implica idear, analizar, planificar, actuar, revisar o realizado, comparar os obxectivos previstos cos alcanzados e extraer conclusións.

CMCCT: Acompetencia matemática tamén se estimula mediante o traballo con contidos lóxicos, que favorecen o pensamento abstracto. Tamén se contribúe á adquisición das **competencias básicas en ciencias e tecnoloxía** desde o momento en que o desenvolvemento sustentable en vertente social e natural forman parte dos propósitos da materia. Desenvolvemento sustentable significa acercarse ao contorno provisto dunha conceptualización previa que capacita o alumnado para actuar nel de maneira autónoma e lelo en clave de respecto, e incorpora unha serie de ámbitos imprescindibles para a cidadanía: saúde, consumo, produción, ciencia, tecnoloxía, valores sociais, etc. Achega unha tensión entre reflexión e acción necesaria para relacionarse co medio natural, xa que axuda a reinterpretar constantemente esa mesma relación para situala no marco apropiado a unha intervención baseada en valores cívicos. Por outra banda, a interpretación de informacións a partir do paradigma científico axudará a desenvolver o pensamento científico e utilizalo para propoñer solucións técnicas na resolución de problemas técnicos, así como a toma de decisións baseada nunha lectura rigorosa do contexto para propoñer alternativas na resolución de problemas de carácter non técnico. De igual maneira, a análise sistemática de argumentacións e opinións para desvelar os seus elementos, como tamén a tarefa sintética de compoñer a partir de elementos conforme a leis lóxicas axudarán ao alumnado a enfrontarse a situacións complexas da vida cotiá e en xeral ao proceso de resolución de problemas.

A materia proporciona ao alumno ferramentas e coñecementos básicos sobre os que será capaz de participar activamente e construír de maneira autónoma a súa propia aprendizaxe, contribuíndo así, de maneira decisiva, á adquisición da **competencia de aprender a aprender (CAA)**. Esta competencia esixe dominar útiles que faciliten a aprendizaxe, pero tamén posuír unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha visión positiva. A todo iso contribúese desde as posibilidades que ofrece para aplicar razoamentos de distinto tipo, buscar explicacións multicausais e predicir efectos baseados en experiencias previas. Tamén cooperan na adquisición desta competencia as actividades que favorecen o desenvolvemento de estratexias para pensar, organizar, memorizar e recuperar información, tales como resumos, esquemas ou mapas conceptuais, así como o comentario de textos. O traballo colaborativo xunto á reflexión e valoración persoal a partir de dilemas, estudo e análise de casos, xogos de rol, ademais de alternativas sometidas ás regras da argumentación contribúen ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender** posto que predispoñen o alumnado á utilización sistemática e rigorosa do pensamento nun exercicio de retroalimentación e extrapolación cara a outras dimensións da súa actividade diaria que lle permiten tomar conciencia do que sabe e con iso unha idea cabal da súa competencia persoal. Ademais, adestrarse neste exercicio potencia a capacidade de autorregulación da aprendizaxe, xa que ofrece ao alumnado a posibilidade de referilo a criterios construídos na confrontación dialóxica dos debates e do traballo colaborativo. É esta unha achega significativa e valiosa para calquera área do currículo, o que confire a esta materia un papel destacable tamén desde o punto de vista cognitivo.

O emprego de ferramentas dixitais propias de internet contribuirá de forma notable ao desenvolvemento do *tratamento da información e, con iso, o desenvolvemento da* **competencia dixital (CD)** O complemento adecuado para sacarlle o maior rendemento posible é o traballo colaborativo e o uso de redes dixitais horizontais e os debates, que axudarán nun tratamento efectivo e selectivo da información a partir de pautas dixitais. Cando adquiran esta competencia, os alumnos deben ser capaces de buscar e seleccionar con espírito crítico os datos necesarios, procesalos cientificamente en función do obxectivo desexado, identificar preguntas, formular hipóteses, resolver problemas e alcanzar conclusións.

É unha materia ideal para desenvolver no alumno actitudes como a curiosidade, o interese e a creatividade, así como o recoñecemento das manifestacións culturais e artísticas como fontes de pracer e gozo persoal. Todo iso axudarlle a valorar de maneira responsable o patrimonio artístico e cultural, e a adoptar unha actitude de respecto e protección cara a iso, de maneira que se contribuirá decisivamente á adquisición da competencia en **conciencia e expresións culturais (CCEC)**. Desde este enfoque favorécese a apreciación da achega da filosofía á cultura universal, e as súas implicacións en todos os ámbitos.

2. Obxectivos

Os **obxectivos xerais** son as capacidades que, por medio das materias comúns, de modalidade e optativas, deberán ser alcanzadas polas alumnas e os alumnos de Bacharelato.

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ó alumnado para acceder á educación superior.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3. Estándares de aprendizaxe

3.1. Secuenciación de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis e grao mínimo de consecución de obxectivos

A materia está organizada en cinco bloques: o primeiro é transversal e, por tanto, reaparecerá ao longo de todo o currículo, trátase da análise de textos.

Os outros catro bloques corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores e problemas actuais.

Estes catro bloques están estruturados a través de autores salientables, dos que se sinala a súa terminoloxía, os textos máis representativos e as súas teorías características, e se contextualizan con outros autores ou épocas, resaltando á súa vez as súas contribucións á sociedade e á súa época.

41

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	Bloque 1. Contidos transversais		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comentario de texto. ▪ B1.2. Diálogo filosófico e argumentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB1.1.1. global dos contidos/das argumentacións, recoñecendo se defenden coñecementos ou problemas. ▪ HFB1.1.2. A

			identificando conceptos recoñece a lóxica das s
			▪ HFB1. Arg 1.3. me

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Est
			presentes n filosofía do estudados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Diálogo filosófico e argumentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB1.2.1. propias op coherencia, por escrito. ▪ HFB1.2.2. na defensa valora a div apoiándose
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB1.3.1. filosofía de resumos fundamenta núcleos ter historia d coñecement política. ▪ HFB1.3.2. vocabulario comprende organízaos conceptuais outros proc comprensión aplícaos cor ▪ HFB1.3.3. de distintas de internet fiables. ▪ HFB1.3.4. disertacións investigación impliquen u valoración

			filosóficos e filosofía.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB1.4.1. informática, blogs, rede de textos, pres ou recursos

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Est
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 		traballos de investigación filosófica.	multimedia desenvolver <ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB1.4.2. avanzadas contidos da os concepto ▪ HFB1.4.3. colectivos de contidos e tecnoloxías comunicaci
Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos. ▪ B2.2. Dialéctica socrática. ▪ B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas ▪ B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política da virtude; o autor e o seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB2.1.1. Platón como mundo inte episteme, dualismo, transmigrac virtude e aplícaos cor ▪ HFB2.1.2. claridade, como na fundamenta analizando e coñecer dualista do antropolóxi

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB2.1.3. ... corrente pr... orixe do... fundamenta... Sócrates e... democrático... dos sofistas... problemas... relacionand... solucións a... ▪ HFB2.1.4. ... filosofía de... desenvolven... cambios so... valorando... como méto...
--	--	--	--

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estadísticas
			nacemento... sentido do... súa defensa... na educació...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. A física de Demócrito. ▪ B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles. ▪ B2.7. Aristóteles: metafísica, física, coñecemento, ética eudemonista e política. Comparación coa filosofía platónica. O autor e o seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Entender o sistema teleolóxico de Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e cos cambios socioculturais da Grecia antiga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB2.2.1. ... conceptos de... de Aristóte... ciencia, me... potencia, teleoloxía, dedución, monismo, f... outros. ▪ HFB2.2.2. ... claridade, coma na fundamenta... examinando... metafísica... coñecement... e a política... teorías de P... ▪ HFB2.2.3. ... física de De... problemas relaciona... solucións a...

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB2.2.4. ... da filosofía, contribuír ao pensamento positivament científico da
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Doutrinas éticas helenísticas: Epicureísmo, Estoicismo e Escepticismo. ▪ B2.9. Científicos helenísticos. ▪ B2.10. A Biblioteca de Alexandría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer as escolas éticas xurdidas no helenismo, como o Epicureísmo, o Estoicismo e o Escepticismo, valorar o seu papel no contexto socio- histórico e cultural da época, e recoñecer a repercusión dos grandes científicos helenísticos, apreciando a gran importancia para occidente da Biblioteca de Alexandría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB2.3.1. ... doutrinas identifica a da ciencia a
Bloque 3. A filosofía medieval			

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	E
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Cristianismo e filosofía. Agostiño de Hipona: teoría da iluminación, filosofía da historia, o problema da certeza e a defensa da liberdade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Explicar a orixe do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través das ideas fundamentais de Agostiño de Hipona, apreciando a súa defensa da liberdade, da verdade e do coñecemento interior ou a historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB3.1.1. ... filosofía e a orixes, a tra pensamento
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Escolástica medieval. Tomé de Aquino: relacións de razón e fe. Vías para a demostración da existencia de Deus. Lei moral. Relación coa filosofía antiga e coa agostiniana, a xudía e o nominalismo. O autor e o seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Coñecer a síntese de Tomé de Aquino, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB3.2.1. ... Tomé de A verdade, de creación, in lei positiva e aplícaos c ▪ HFB3.2.2. ... claridade, coma na fundamenta de Aquino, entre fe demostración e a lei mor teorías da fi ▪ HFB3.2.3. ... do agostini xudía, e

			identificando a filosofía medieval e as solucións a problemas de Aquino.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB3.2.4. filosofía de contribuír a ideas e os Idade positivamente moral.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Crise da Escolástica no século XIV: nominalismo de Guillermo de Ockham. Relacións entre razón e fe. Novo pulo para a ciencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Coñecer algunha das teorías centrais do pensamento de Guillermo de Ockham, cuxa reflexión crítica supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB3.3.1. do nominalismo de Ockham e a entrada na modernidade.
Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Comprender a importancia do xiro do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB4.1.1. O intelectual

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ l 	<p>concepto sobre a natureza humana.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. F. Bacon. Os prexuízos na investigación do coñecemento. ▪ B4.3. Implicacións da revolución científica. ▪ B4.4. Realismo político de Maquiavelo. 	<p>pensamento occidental que se deu no Renacemento e que anticipa a modernidade, valorando o novo humanismo que enxalza a "<i>dignitas hominis</i>", a investigación dos prexuízos do coñecemento de F. Bacon e as implicacións da Revolución Científica, e coñecer as teses fundamentais do realismo político de N. Maquiavelo.</p>	<p>xiro do pensamento que se deu no Renacemento e as respostas dadas sobre a natureza humana.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB4.1.2. políticas Maquiavelo e sistemas éticos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Descartes: O método, o "<i>cogito</i>" (coñecemento e realidade) e o dualismo antropolóxico. ▪ B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB4.2.1. Descartes método, dúas ideas, substancia entre outros. ▪ HFB4.2.2. O método de claridade, coma na filosofía fundamental de Descartes, a

			<p>relación coa realidade actual e o dualismo da filosofía antiga e da Idade Moderna.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB4.2.3. Conocer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. ▪ HFB4.2.4. Conocer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto ▪ B4.8. Locke: liberalismo político. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB4.3.1. Conocer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB4.3.2. Conocer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. ▪ HFB4.3.3. Conocer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB4.3.4. filosofía de desenvolvemento e cambios sociais. Moderna, xurdir e procura da
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Coñecer os principais ideais dos ilustrados franceses, afondando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB4.4.1. O pensamento de Rousseau explica o seu pensamento crítico social e o estado de contrato social.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.10. Idealismo transcendental. Kant: as facultades e límites do coñecemento. ▪ B4.11. Lei Moral e paz perpetua. ▪ B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant. ▪ B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB4.5.1. A filosofía como senso común, razón, ciencia, imaxinación posteriori, categoría, idea, lei, vontade, categórico, liberdade, pacto, entre outros, rigor. ▪ HFB4.5.2. claridade, coma na fundamentación analizando o coñecemento

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Está aprobado
			<p>a paz perpetua coas teorías da filosofía medieval e moderna.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB4.5.3. política identificando a filosofía relacionándola coas doutrinas achegadas p

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB4.5.4. ... esforzo da f... contribuír a... das ideas... sociocultura... e valora a d... da paz entre
	Bloque 5. A filosofía contemporánea		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo. ▪ B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB5.1.1. ... de Marx... materialismo... alienación, superestrutu... medios de... clases, tra... humanismo, utilízaos con ▪ HFB5.1.2. C... claridade, ta... coma na... fundamenta... Marx, materialismo... ao idealism... ideoloxía, e humanista d ▪ HFB5.1.3. ... problemas contemporá... solucións ac ▪ HFB5.1.4. ... filosofía de... ao desenvol... aos cambio... Contemporá... positivamente... igualdade so
Historia da Filosofía. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Está apre
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora. ▪ B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB5.2.1. Nietzsche co... intuición, m... perspectiva, transvalorac... superhome,

<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<p>e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. A vontade en Schopenhauer. 	<p>Contemporánea.</p>	<p>eterno retorno aplícaos como</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB5.2.2. E... claridade, ta... coma na... fundamenta... Nietzsche, c... á metafísica... a verdade c... afirmación c... resultado da... e a vontade... comparación... filosofía... moderna e c... ▪ HFB5.2.3. D... de Schop... afirmación... identifica... filosofía c... relación... achegadas p... ▪ HFB5.2.4. I... filosofía c... contribuír a... das ideas e a... Idade Conte... defensa da... liberdade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB5.3.1. U... Ortega y G... rigor, co... ciencia, eur... mundo, ... perspectiva, ... raciovitalism... liberdade, i... razón históric... masa e h... outros. ▪ HFB5.3.2. C... con claridad... oral coma n... fundamenta... análise social... en relación... filosóficas c...

			racionalismo
--	--	--	--------------

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estados
			<p>existencial</p> <ul style="list-style-type: none"> HFB5.3.3. filosofía de contribuir a ideas e a culturais da española, e coa defen democracia
<ul style="list-style-type: none"> b c d e h 	<ul style="list-style-type: none"> B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso. B5.8. Racionalidade dialóxica de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa. B5.9. Contribución de Habermas ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea. B5.10. Pensamento posmoderno: principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión sobre a súa vixencia actual. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Coñecer as teses fundamentais da crítica da Escola de Frankfurt, analizando a racionalidade dialóxica de Habermas, relacionándoo coa filosofía crítica da Escola de Frankfurt, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. Coñecer as teses máis definitorias do pensamento posmoderno, identificando as teses fundamentais de Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e valorar criticamente a súa repercusión no pensamento filosófico a partir de finais do século XX. 	<ul style="list-style-type: none"> HFB5.4.1. Habermas, interese, enunciado, desigualdad conceptos como de cultura, tex entre outros HFB5.4.2. claridade, coma na filosofía de os interese acción con fundamenta analizando modernidad da sociedad HFB5.4.3. filosofía o Frankfurt e identificando filosofía co HFB5.4.4. filosofía pensamento contribuir a ideas e aos

			Contemporáneo esfuerzo na racional e o
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB5.4.5. características posmodernas ilustrada, á pensamento trivialización

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares
			crepúsculo suxeito fronte entre outras <ul style="list-style-type: none"> ▪ HFB5.4.6. sobre as primeiras posmodernas Lyotard e sobre a súa

3.2. Contidos mínimos esixibles

Na seguinte táboa preséntanse os contidos mínimos da materia:

Tema	Estándares
1. PLATÓN	HFB2.1 HFB2.2 HFB2.3 HFB2.4
2. ARISTÓTELES	HFB2.6,HFB2.7,HFB2.8
3. MEDIEVAL,	HFB3.1 HFB3.2.HFB3.4HFB4.1HFB4.2HFB4.3HFB4.4HFB4.5

RENACEMENTO E RACIONALISMO	
----------------------------------	--

Tema	Estándares
4. EMPIRISMO, ILUSTRACIÓN, KANT.	HFB4.7,HFB4.8HFB4.9HFB4.10, HFB4.11,HFB4.12

495. MARX HFB5.1
 HFB.5.2

6. NIETZSCHE, HFB5.3 HFB5.4 HFB5.5 HFB5.6
ORTEGA, HFB5.7HFB5.8
HABERMAS E
POSTMODERNID.

3.3. Temporalización

A materia está organizada en cinco bloques: o primeiro é transversal e, por tanto, reaparecerá ao longo de todo o currículo, trátase da análise de textos, a argumentación, as ferramentas de investigación propias da filosofía e as aplicacións das tecnoloxías da información e da comunicación na materia; os outros catro bloques corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores e problemas actuais.

Estes catro bloques están estruturados a través de autores salientables, dos que se sinala a súa terminoloxía, os textos máis representativos e as súas teorías características, e se contextualizan con outros autores ou épocas, resaltando á súa vez as súas contribucións á sociedade e á súa época.

Os estándares serán agrupados en 6 temas (dous por avaliación) para ser avaliada a súa consecución.

Os estándares do 1º bloque non poden ser tidos en conta nesta temporalización, pois o seu carácter transversal supón que van ser avaliados sempre. De todos modos, indican que tipo de probas son as máis adecuadas para conseguir os restantes. Así, os estándares correspondentes co criterio B1.1. fan referencia aos comentarios de texto.

Os estándares correspondentes ao criterio B1.2. fan referencia ás preguntas temáticas ou de desenvolvemento. En todas as probas escritas se incluírán 3 preguntas de desenvolvemento, cun valor de 2 puntos cada unha. Entre as tres suporán os 6 puntos restantes na valoración total da proba. Os estándares correspondentes cos criterios B1.3 e B1.4. teñen que ver fundamentalmente coas ferramentas de estudo das que se teñen que valer para aprender e interiorizar o resto dos contidos, resumos, esquemas, liñas de tempo, busca de información e utilización das TIC para profundizar no estudo dos contidos da materia. Por suposto, que acaden satisfactoriamente estes estándares permitirálles un mellor grao de consecución do resto, pero a efectos de avaliación, aillados dos estándares máis “sustantivos”, só serán avaliados con 1 punto por proba.

Os 6 temas nos que agrupamos os estándares, son os seguintes:

Tema 1: Platón

Tema 2; Aristóteles

Tema 3; Filosofía medieval, Remacemento e Racionalismo

Tema 4; Empirismo, Ilustración e Kant

Tema 5: Marx

Tema 6; Nietzsche, Ortega, Habermas E Postmodernidade

Os estándares do primeiro bloque, polo seu carácter de transversais serán avaliados nas tres avaliacións, agardando que se perciba progresivamente unha mellor consecución dos mesmos a medida que os imos exercitando.

A **primeira avaliación** comprenderá os estándares do **bloque 2 (temas 1 e 2)**.

Na **segunda avaliación** traballaránse os estándares do **bloque 3, e os do bloque 4 (temas 3 e 4)**.

Na **terceira avaliación** traballaremos os estándares do **bloque 5 (temas 5 e 6)**.

4. Metodoloxía

A metodoloxía didáctica ha de ser activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Polas características propias deste tipo de ensino, hai que favorecer a **atención á diversidade** que garanta unha atención personalizada atendendo ás necesidades individuais do alumnado; é importante a asistencia, sempre que sexa posible, tanto ás clases como ás titorías de orientación.

O material estará dispoñible na aula virtual, o que facilitará o seguimento da materia no caso de que haxa alumnado que non poida asistir a clase con regularidade, A referencia para o alumnado é a guía electrónica do IES San Clemente, e na aula virtual estarán a disposición do alumnado as unidades da guía electrónica e diferentes exercicios e materiais para facilitar a aprendizaxe.

O alumnado ten a posibilidade de contactar coa profesora sempre que o precise, mediante o correo electrónico e na aula virtual, para intentar resolver calquera dúbida ou dificultade que atope no menor tempo posible.

Ao longo de cada avaliación propoñeranse diferentes tarefas (exercicios, comentarios, traballos, individuais ou grupais, etc.), que ponderarán un 30% na cualificación. A realización de probas escritas con preguntas para desenvolver ou mediante diversos tests ponderará un 70%. Obterá unha cualificación positiva o alumnado que alcance unha nota igual ou superior a 5, sen que sexa necesario acadar unha puntuación mínima en ningunha das partes.

O alumnado que non obteña unha cualificación positiva da materia ao longo do curso, poderá realizar unha proba escrita, que estará deseñada tendo en conta os contidos mínimos esixibles, tanto na convocatoria ordinaria como, de ser o caso, na extraordinaria.

5. Materiais e Recursos Didácticos

Na aula virtual do centro estará a disposición do alumnado o material da guía electrónica do IES San Clemente, onde se atopan os temas, resumos, exercicios autoavaliabes, cuestionarios, etc. e facilitaranse o alumnado materiais de diversa procedencia para traballar aspectos concretos do temario.

Ofreceráse tamén como material complementario distintos recursos como vídeos e páxinas web, que poidan resultar útiles para tratar aspectos concretos do temario. Isto servirá tamén para fomentar o **uso das tecnoloxías da información e da comunicación**. Este material estará dispoñible na aula virtual.

6. Criterios de Avaliación, Cualificación e Promoción

Os **criterios de avaliación** serán os seguintes:

➤ **Recoñecer e explicar con precisión e rigor a especificidade da filosofía distinguíndoa doutros saberes ou modos de explicación da realidade, diferenciando a súa vertente teórica e práctica, centrándose nas preguntas e problemas fundamentais.**

Con este criterio trátase de comprobar que se comprende o específico do saber filosófico e o tipo de preguntas que este supón, así como o grao de precisión e rigor alcanzado coa explicación dos conceptos e preguntas propostas, tanto de forma oral coma por escrito. Trataríase non só de comprender senón tamén de valorar as achegas da análise filosófica aos grandes problema do noso tempo.

➤ **Razoar con argumentacións ben construídas realizando unha análise crítica e elaborando unha reflexión adecuada en torno aos coñecementos adquiridos.**

Con este criterio preténdese consolidar e reforzar a capacidade de comprender e expresar de forma crítica e reflexiva as achegas máis importantes do pensamento occidental, fuxindo da retención mecánica de datos, da reprodución acrítica e da improvisación e superficialidade contrarias ao procesamento activo e reflexivo dos novos conceptos e teorías.

Este criterio poderase comprobar a través da análise e comentario de textos, a realización de mapas conceptuais, as probas escritas, as exposicións orais e os traballos monográficos, entre outros procedementos.

➤ **Expoñer argumentacións e compoñer textos propios nos que se logre unha integración das diversas perspectivas e se avance na formación dun pensamento autónomo.**

Este criterio pretende valorar que o alumnado é capaz de construír e enriquecer as súas propias opinións traballando de forma activa e construtiva o legado cultural específico desta materia. Para comprobalo serán idóneas as actividades de tipo reflexivo, nas que, de modo significativo e funcional, se relacionen novos contidos entre si con ámbitos de experiencia, expresando de forma clara e coherente o resultado do traballo de comprensión e de reflexión.

Algúns elementos valiosos neste sentido, poden ser: as composicións filosóficas, as investigacións individuais e en equipo, a preparación e realización de debates e o diario de clase.

➤ **Utilizar e valorar o diálogo como forma de aproximación colectiva á verdade e como proceso interno de construción de aprendizaxes significativas, recoñecendo e practicando os valores intrínsecos do diálogo como o respecto mutuo, a sinceridade, a tolerancia, en definitiva, os valores democráticos.**

Con este criterio trátase de comprobar o grao de comprensión e interiorización do sentido do diálogo racional e das condicións necesarias para o seu desenvolvemento, a súa execución e a súa representación na práctica.

➤ **Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilízala criticamente na análise de problemas filosóficos, sociolóxicos e políticos.**

Este criterio trata de comprobar a capacidade de seleccionar e manexar informacións diversas, dende as máis empíricas ata as máis científicas, pasando polas divulgativas e as contidas nos medios de comunicación e de información xeral, así como o dominio de destrezas de carácter xeral, como a observación e a descripción, a clasificación e a sistematización, a comparación e a valoración, etc., necesarias para a utilización crítica de dita información.

➤ **Coñecer e analizar as características específicas do humano como unha realidade complexa e aberta de múltiples expresións e posibilidades, profundizando na dialéctica da natureza e cultura, e do individuo e ser social, que constitúen á persoa.**

Este criterio trata da capacidade de comprender e integrar as diversas dimensións do ser humano, incidindo na importancia da construción social e simbólica e valorando as concepcións filosóficas do ser humano e a súa vixencia actual.

➤ **Coñecer e valorar a natureza das accións humanas en tanto que libres, responsables, normativas e transformadoras.**

Con este criterio trátase de comprobar a capacidade para comprender o sentido da razón práctica e a necesidade da liberdade para realizar accións morais e, consecuentemente, asumir compromisos ético-políticos tanto no ámbito persoal coma social, reflexionando especialmente sobre a busca da felicidade, a xustiza e a universalidade dos valores na sociedade actual.

➤ **Comprender e valorar as ideas filosóficas que contribuíron, en distintos momentos históricos a definir a categoría de cidadán e cidadá, dende a Grecia clásica ata a cidadanía global do mundo contemporáneo, facendo especial énfase na Ilustración e na fundamentación dos Dereitos Humanos.**

Este criterio trata de avaliar se se comprendeu a categoría de cidadán e cidadá como tarefa histórica inacabada e a súa fundamentación ético-política, así como a importancia de recoñecer e practicar as virtudes cívicas que posibilitan unha convivencia democrática no marco universal dos Dereitos Humanos.

➤ **Recoñecer e analizar os conflitos latentes e emerxentes das complexas sociedades actuais, os seus logros e dificultades, os seus cambios e retos máis importantes que contextualizan a actividade socio-política do cidadán, manifestando unha actitude crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais ou situacións de discriminación.**

Este criterio comprobará o grao de comprensión dos problemas sociais e políticos máis relevantes da sociedade actual (anomia, desarraigamento, falta de cohesión, debilidade ou exacerbación do sentimento de pertenza, conflitos relacionados coas diferenzas culturais, coas desigualdades socio-económicas e de xénero, etc.) e os logros e intentos de solución que ofrecen os ordenamentos xurídicos e os sistemas de participación democrática.

Así mesmo, trata de avaliar a actitude que desenvolveron os alumnos ante ditos problemas sociais e políticos.

➤ **Sinalar as diferentes teorías acerca da orixe do poder político e a súa lexitimación, identificando as que fundamentan o Estado democrático e de dereito e analizar os modelos de participación e de integración na complexa estrutura social dun mundo en proceso de globalización.**

Con este criterio trátase de valorar a asimilación da orixe e a lexitimidade do poder político, das diferentes concepcións do Estado e da fundamentación e funcionamento da democracia, analizando as posibilidades e o deber de intervención do cidadán e da cidadá, tomando conciencia da necesidade de participar na construción dun mundo máis humano.

Ao longo do curso haberá tres avaliacións e cada unha delas constará dunha proba escrita; poderanse realizar tamén distintas tarefas, que teñen carácter voluntario. Para que estas tarefas sexan tidas en conta o alumnado deberá superar os tests correspondentes que se realizarán en clase. O alumnado ten dúas posibilidades: facer unicamente a proba escrita ou realizar as tarefas e os tests que se propoñan. A nota máxima que se pode obter na avaliación con estas tarefas e os tests é un 7, polo que é preciso realizar o exame de cada avaliación ou un exame final para intentar superar dita nota. Para o alumnado que non realice as tarefas e os tests ou non os supere, terase en conta só a nota do exame, que puntuará sobre 10. Terá unha avaliación positiva o alumnado que acade unha nota igual ou superior a 5. Nas probas escritas sempre se especificará a puntuación que se dá a cada pregunta.

O alumnado que non acade unha avaliación positiva mediante as probas que se realizan nas tres avaliacións do curso poderá realizar unha proba final na convocatoria ordinaria que estará deseñada tomando como referencia os contidos mínimos esixibles. A proba da convocatoria extraordinaria será das mesmas características cá da convocatoria ordinaria.

7. Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da programación didáctica

Cando se avalíe o **desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe** farase unha reflexión sobre os seguintes puntos:

- Planificación
- Motivación do alumnado (dentro das dificultades do ensino semipresencial)
- Desenvolvemento do ensino-aprendizaxe
- Proceso de ensino e a práctica docente.

Polo que se refire á **avaliación da programación didáctica**, hai que realizar un seguimento da programación didáctica para ver se hai que modificar algo. De existir modificacións xustificadas, haberá que reflexalas no libro de actas do departamento e na memoria de fin de curso.

8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Contéplanse unha serie de actividades de reforzo para cada avaliación, especialmente deseñadas para o alumnado que o precise. Instirase en que este alumnado asista con regularidade ás titorías de orientación para poder reforzar os contidos nos que presenten máis dificultade.

9. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que presente necesidades educativas especiais, poderanse adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

10. Elementos transversais

O curriculum do Bacharelato ten un carácter integrador coa finalidade de consolidar no alumnado a madurez social e moral que lle permita actuar responsable e autonomamente na sociedade actual o

que supón a incorporación dos valores básicos que demanda a sociedade actual, tales como a educación para os dereitos humanos e a paz, educación moral e cívica, educación para a igualdade entre os sexos, educación ambiental, educación multicultural e educación europea.

A educación para os dereitos humanos e a paz pretende:

- Apreciar os dereitos humanos coma un dos logros irrenunciabes da humanidade.
- Desenvolver actitudes de rexeitamento ás desigualdades sociais e económicas dos pobos.
- Promover actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e etnias.

A educación moral e cívica pretende :

- Desenvolver actitudes de tolerancia e respecto por ideas, opinións e crenzas que non coinciden coas propias.
- Formar un xuízo crítico e razoado dos problemas das sociedades contemporáneas.
- Saber debater cunha actitude crítica e tolerante, argumentando as opinións propias, e utilizando o diálogo como forma de resolver os conflitos humanos e sociais.
- Comprender aqueles contidos de grande impacto social como a emigración, a inmigración, a violencia, o racismo, as desigualdades sociais e económicas, o analfabetismo, etc. no marco xeral das tensións e problemas da sociedade actual.

Para fomentar a Educación para a paz e a Educación moral e cívica introdúcense actividades destinadas a analizar e recoñecer nos textos clásicos as contribucións de personaxes de calquera ámbito do mundo clásico no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia; aplicar as normas que rexen o intercambio comunicativo, sabendo respectar e aceptar as contribucións dos demais; e apreciar e valorar a diversidade lingüística da Península e Europa como mostra da diversidade e riqueza culturais.

A educación para igualdade entre os sexos ten como obxectivos:

- Analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas, dando un tratamento equivalente e equilibrado ó papel semellante que xogan homes e mulleres no devir histórico.
- Consolidar hábitos non discriminatorios na explicación dos feitos e procesos do mundo contemporáneo, partindo da selección e análise de diversas fontes históricas e historiográficas.
- Corrixir a linguaxe sexista e homófoba que, ás veces, se empregan de xeito inconsciente.

Propóñense actividades relacionadas con: recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo e proporcionar posibles solucións para evitar a discriminación; alcanzar o compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa ou nacida da convivencia, formas, termos e expresións que denoten discriminación.

A educación ambiental pretende:

- Comprender as consecuencias medioambientais que se derivan de certos acontecementos políticos, económicos ou científicos: conflitos bélicos, explotación abusiva de recursos naturais, etc.
- Valorar e respectar o patrimonio histórico, cultural e social, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.

Ao mesmo tempo que se pretende que o alumnado reue no contorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen coas culturas clásicas, promóvese o mantemento dun compromiso e unha implicación persoal para acadar a conservación de toda pegada do mundo clásico no contorno natural, sabendo apreciar os avances tecnolóxicos e o respecto das antigas civilizacións pola natureza.

A educación multicultural ten como finalidade:

- Comprender o significado histórico das culturas non europeas.
- Desenvolver actitudes de respecto e valoración de culturas non occidentais.
- Facerlles entender que Europa non ten a solución a todos os problemas, que as democracias europeas non son as únicas formas de organizar pobos e culturas.

Na educación europea o seu principal obxectivo é:

- Coñecer o significado da Unión Europea.
- Desenvolver a conciencia dunha cidadanía europea.

11. Actividades Complementarias e Extraescolares

Dadas as características específicas do ensino semipresencial, estas actividades referiranse a vídeos e páxinas web recomendadas pola profesora e a información sobre lectura dalgunha obra de contido filosófico.

Pontevedra, 24 de outubro de 2022

Asdo.: M^a del Carmen Fernández Carreira